

PROGRAMACIÓN

CUARTO EDUCACIÓN PRIMARIA

*CPI DE XANCEDA
CURSO 2021-2022*

ÍNDICE:

- 1. CONTEXTO.** Páx 3
- 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**
Páxina 4
- 3. ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA.** Páx 15
 - 3.1 OBXECTIVOS. Páx. 15
 - 3.2 CONTIDOS. Páx. 17
 - 3.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. Páx. 19
- 4. ÁREA DE LENGUA Y LITERATURA CASTELLANA.** Páx. 25 :
 - 4.1 OBJETIVOS. Pax. 25
 - 4.2 CONTENIDOS. Páx 26
 - 4.3 CRITERIOS DE EVALUACIÓN Y ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE. Páx 29
- 5. ÁREA DE MATEMÁTICAS.** Páx. 37:
 - 5.1 OBJETIVOS. Páx 37
 - 5.2 CONTENIDOS. Páx 38
 - 5.3 CRITERIOS DE EVALUACIÓN Y ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE. Páx. 43
- 6. ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA.** Páx. 52:
 - 6.1 OBXECTIVOS. Páx. 52
 - 6.2 CONTIDOS. Páx. 53
 - 6.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. Páx. 58
- 7. ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS.** Páx. 65:
 - 7.1. OBXECTIVOS. Páx. 66
 - 7.2 CONTIDOS. Páx. 66
 - 7.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. Páx. 68
- 8 ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA.** Páx. 72:
 - 8.1 OBXECTIVOS. Páx. 72
 - 8.2 CONTIDOS Páx. 73
 - 8.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. Páx 75

9 VALORES CÍVICOS E SOCIAIS. Páx 78
9.1 OBXECTIVOS. Páx. 78
9.2 CONTIDOS. Páx. 79
9.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. Páx.81

10 METODOLOXÍA. Páx. 87

11 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. Páx 87

12 AVALIACIÓN. Páx. 88

12.1 INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS. Páx. 88
12.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. Páx. 88
12.3 AVALIACIÓN INICIAL. Páx. 90
12.4 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. Páx. 90
12.5 PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES. Páx 91
12.6 AVALIACIÓN PRÁCTICA DOCENTE. Páx. 91
12.7 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA. Páx. 92
12.8 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A AVALIACIÓN POSITIVA. Páx. 93

13 PROXECTOS. Páx. 98

13.1 PROXECTO LECTOR. Páx.98

13.2 INTEGRACIÓN DAS TICS. Páx 99

13.3 DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA. Páx.99

14 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. Páx. 100

15 METODOLOXÍA EN CASO DE ENSINO A DISTANCIA. Páx.100

1. CONTEXTO:

Esta programación é para 4º curso de E.P. do C.P.I. de Xanceda, Centro ubicado no concello de Mesía. A aula ten 16 alumnos/as dos cales seis teñen necesidades especiais (tres alumnos/as diagnosticados/as con TDAH, dous con TEA e un con TEL). Este ano incorporouse un alumno novo que repite curso. O resto non presenta problemática a estimar.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Matemáticas

Competencia en comunicación lingüística

Para fomentar o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística desde a área de Matemáticas débese insistir en dous aspectos. Por unha banda a incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual, a adecuada precisión no seu uso e a utilización das linguaxes gráfico e estatístico, esenciais para interpretar a información sobre a realidade. Por outra banda, é necesario incidir nos contidos asociados á descripción verbal dos razonamentos e dos procesos.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Esta competencia está presente na comprensión dos diferentes tipos de números e as súas operacións, así como na utilización de diversos contextos para a construción de novos coñecementos matemáticos; na facultade de desenvolver razonamentos, construíndo conceptos e avaliando a veracidade das ideas expresadas.

Competencia dixital

As matemáticas contribúen á adquisición da competencia dixital en varios sentidos. Por unha parte porque proporciona destrezas asociadas ao uso dos números, tales como a comparación, a aproximación ou as relacións entre as diferentes formas de expresalos, facilitando a comprensión de informacións que incorporan cantidades e medidas. Por outra parte, a través dos contidos onde o nome é precisamente tratamiento da información, contribúese á utilización das linguaxes gráficas e estatísticas, esenciais para interpretar a información sobre a realidade.

Aprender a aprender

A miúdo é un requisito para a aprendizaxe a posibilidade de utilizar as ferramentas matemáticas básicas ou comprender informacións que utilizan soportes matemáticos. Para o desenvolvemento desta competencia é necesario incidir desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseveranza e o esforzo ao abordar situacións de crecente complexidade, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo.

Competencias sociais e cívicas

Os contidos das Ciencias sociais (economía, climatoloxía, xeografía, poboación, producción, etc.) exprésanse en termos numéricos, gráficos, etc. Por exemplo, a interpretación de pirámides de poboación, de gráficos económicos sobre o valor das cousas e climogramas abórdanse desde a área de Matemáticas para desenvolver aspectos vinculados coa competencia social e cívica. A achega á competencia social e cívica adquiere unha dimensión singular, a través do traballo en equipo se se aprende a aceptar outros puntos de vista distintos ao propio, en particular á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A resolución de problemas ten, ao menos, tres vertentes: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. A planificación está aquí asociada á comprensión en detalle da situación plantexada para trazar un plan, buscar estratexias e para tomar decisións; a xestión dos recursos inclúe a optimización dos procesos de resolución; por último, a avaliación periódica do proceso e a valoración dos resultados permiten fazer fronte a outros problemas con maiores posibilidades de éxito.

Conciencia e expresións culturais

As Matemáticas contribúen á competencia Conciencia e expresións culturais desde a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade. Así mesmo, o recoñecemento das relacións e formas xeométricas axuda na análise de determinadas producións artísticas, sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Lingua castelá e literatura

Competencia en comunicación lingüística

A área de lingua castelá contribúe de forma directa ao desenvolvimento desta competencia. A lingua castelá, así como todo o conxunto de linguas, estranxeiras e propias, contribúe ao desenvolvimento da habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sen feitos e opinións de forma oral, escrita e para interactuar dunha maneira adecuada e creativa en múltiples contextos sociais e culturais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

O bo desenvolvemento da actividade comunicativa favorece e axuda á mellora da adquisición de coñecementos. A adecuada comprensión lectora e a fluidez verbal son elementos importantes na resolución de problemas matemáticos. A orde e a boa disposición nas diferentes formulacións de hipóteses, xeran unha mellor comunicación das experiencias.

Competencia dixital.

Esta área contribúe á competencia dixital proporcionando coñecementos, destrezas para buscar, obter e tratar información, así como de utilizala de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia. En especial para a comprensión da devandita información, a súa organización textual e, o seu uso na expresión oral e escrita. O currículo inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos, o que significa algo máis que un cambio de soporte, xa que afecta as operacións mesmas que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, etc.) e que constitúen un dos contidos básicos desta área, cuestión que incide directamente na adquisición e mellora da competencia dixital. Ademais, os medios de comunicación dixitais que xorden continuamente implican un uso social e colaborador da escritura que permite concibir a aprendizaxe da lingua no marco dun verdadeiro intercambio comunicativo.

Competencia de aprender a aprender.

A área de Lingua castelá, entre outras, posibilita que o alumnado constrúa os seus coñecementos mediante a linguaxe, xestionando eficazmente a súa aprendizaxe e reflexionando criticamente sobre

os fins e o obxecto do mesmo. A lectoescritura, xunto ao cálculo e as TIC, son ferramentas básicas para a construción do coñecemento. O aprender en equipo, en grupos heteroxéneos e a autonomía na aprendizaxe contribúen significativamente ao seu desenvolvemento. A autoavaliableación e os procesos de pensamento favorecen no alumnado a posibilidade de avanzar, aprendendo dos erros, e de comunicar as súas experiencias integrando o emocional e o social.

Competencias sociais e cívicas.

Analizando esta competencia desde a capacidade para o respecto, o diálogo e o consenso, enténdese que é necesario como base para unha boa comunicación un bo uso dos códigos e usos lingüísticos. A linguaxe contribúe desta maneira para construír unha imaxe do mundo, da personalidade, mediante o desenvolvemento da capacidade de expresar vivencias, opinións, emocións, sentimientos e ideas, e a regular a propia conduta proporcionando un equilibrio.

Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

A lingua castelá, e todas as linguas en xeral, son instrumentos de comunicación e de creación pensamento. Desta maneira, a lingua castelá contribúe á adquisición do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor na construcción de estratexias, na toma de decisións, na comunicación de proxectos persoais e na base da autonomía persoal. A comunicación, verbal e non verbal, das diferentes linguas que se utilicen, contribuirán ao aumento da autoestima e desenvolvemento persoal, e garantirá unha adecuada interacción social.

Competencia de conciencia e expresións culturais.

A área de Lingua castelá e literatura contribúe ao desenvolvemento da Competencia conciencia e expresión cultural na medida na que se converte en ferramenta fundamental na realización, expresión creativa e apreciación das obras en distintos medios, como a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas. A lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento desta competencia, desenvolvendo a capacidade de percibir os recursos lingüísticos e literarios e o agrado pola lectura como actividade enriquecedora e pracenteira á vez que se dá canle á tendencia natural do ser humano ao xogo, ao pracer, á liberdade, e á imaxinación creadora.

Ciencias da natureza

Competencia en comunicación lingüística

A área contribúe a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte dos aprendizaxes da área; esta información preséntase en diferentes códigos, e linguaxes e require, por tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área adquire un protagonismo principal na competencia básica en ciencia e tecnoloxía, xa que moitos das aprendizaxes que integra están totalmente centrados na interacción do ser humano co mundo que lle rodea e ofrece a oportunidade de utilizar ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas, co que contribúe así, ao desenvolvemento da parte matemática da competencia.

Competencia dixital

Inclúense explicitamente na área os contidos que conducen á alfabetización dixital, e cuxa aplicación nesta e no resto das áreas contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica do computador, o manexo dun procesador de textos e a procura guiada na internet, desexables ao final da etapa, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desa competencia.

Competencia aprender a aprender

Esta competencia esixe que o alumno coñeza que estratexias de aprendizaxe son as súas preferidas, cales son os puntos fortes e débiles das súas capacidades, de forma que poida organizar as aprendizaxes de maneira efectiva, xa sexa individualmente ou en grupo. Requiere a adquisición das capacidades básicas fundamentais necesarias para a aprendizaxe complementaria, como a lectura, a escritura, o cálculo e as TIC.

Competencia social e cívica

A área aborda o ámbito das relacións próximas (a familia, os amigos, os compañeiros do centro educativo, etc.), o que supón o coñecemento e a manifestación de emocións e sentimentos en relación cos demais. Polas características propias da área é fácil e recomendable a utilización do 8

traballo cooperativo como metodoloxía vertebradora, todo o relativo á realización de proxectos, pequenas investigacións, ... daranós pé a desenvolver en e profundidade aspectos tan fundamentais para as competencias sociais e cívicas como o diálogo, o debate, a resolución de conflitos e habilidades sociais como as asunción de responsabilidades en grupo, aceptación e elaboración de normas de convivencia.

Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Na área exponse a toma de decisións desde o coñecemento dun mesmo, na planificación de forma autónoma e creativa de actividades e na habilidade para planificar e xestionar proxectos, traballando de forma individual ou en equipo.

Competencia conciencia e expresións culturais

Esta competencia, con respecto á área de Ciencias Naturais, require os coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións da heranza cultural nos ámbitos tecnolóxicos e ambientais. Tendo en conta que en moitas ocasións estas actividades supoñen un traballo colectivo, é necesario asumir habilidades de cooperación para lograr resultados finais colectivos.

Ciencias sociais

Competencia en comunicación lingüística

O compoñente estratégico da competencia en comunicación lingüística permite ao alumno enfrentarse ás dificultades e inclúe destrezas e estratexias comunicativas para o tratamiento da información, en diferentes soportes, e en diferentes linguas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área ofrece a oportunidade de aplicar ferramentas matemáticas que requieren a utilización de principios e procesos matemáticos en distintos contextos persoais ou sociais. É imprescindible o manexo destas ferramentas en contextos significativos que permitan realizar operacións sinxelas con magnitudes, porcentaxes e proporcións, nocións de estatística elemental, uso de escalas numéricas e gráficas e criterios de medición, codificación numérica de información e representación gráfica.

Competencia dixital

De gran importancia nas Ciencias Sociais é a xestión, coñecemento e manexo de diferentes motores de procura e bases de datos, a análise e interpretación da información e a transformación desta en coñecemento co seu consecuente almacenamento. A creación de contidos en diferentes formatos (texto, audio, vídeos, imaxes contribuirán ao desenvolvemento desta competencia no alumno.

Aprender a aprender

Son contidos da área o desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información, para desenvolver a responsabilidade persoal e colectiva, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo, a planificación e xestión de proxectos co fin de alcanzar obxectivos ou a utilización de estratexias que potencien a cohesión grupal, o traballo cooperativo, e a resolución de conflitos.

Competencia social e cívica

As Ciencias Sociais pretenden asentar as bases dunha futura cidadanía que utiliza todos os recursos para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez más diversificados e para elaborar respuestas, tomar decisións e resolver conflitos, interatuando con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e inmediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Partindo da idea xeral desta competencia, transformar as ideas en actos, as Ciencias Sociais achégannos contidos e estratexias para propoñer ao alumno tarefas, proxectos ou situacións que esixen o concurso de destrezas. Estas destrezas ou habilidades danse no marco de actitudes e valores como a capacidade creadora e imaxinativa, o auto coñecemento e a autoestima a autonomía ou independencia, o interese e esforzo, o espírito emprendedor, a iniciativa e a innovación. Tamén está relacionada coa motivación e a determinación á hora de cumplir os obxectivos xa sexan persoais ou establecidos en común con outros.

Competencia conciencia e expresión cultural

Esta área estuda ás persoas como seres sociais e a súa realidade en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. Esixe, por tanto, coñecer, comprender, apreciar e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizándoas como fonte de enriquecemento e goce persoal. Tamén contribúe ao coñecemento, valoración e conservación do patrimonio cultural, tanto da propia comunidade como doutras comunidades, achegando coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a heranza histórica, artística, literaria, filosófica, tecnolóxica e ambiental.

Lingua galega e literatura

Competencia en comunicación lingüística

Na área de Lingua galega e literatura desenvólvense estratexias de expresión oral e escrita, comprensión de mensaxes de diferente tipoloxía, enriquecemento de vocabulario, estratexias para unha correcta fluidez verbal, a adquisición e aplicación de estruturas gramaticais que inciden na calidade da súa expresión, ou a achega literaria que contribúe a mellorar a riqueza comunicativa. A competencia en comunicación lingüística constitúe a base da aprendizaxe e é vehículo canalizador do desenvolvemento competencial en todas as súas facetas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O bo desenvolvemento da actividade comunicativa favorece e axuda á mellora da adquisición de coñecementos. A adecuada comprensión lectora e a fluidez verbal son elementos importantes na resolución de problemas matemáticos. A orde e a boa disposición nas diferentes formulacións de hipóteses, xeran unha mellor comunicación das experiencias.

Competencia dixital

Esta área contribúe á competencia dixital proporcionando coñecementos, destrezas para buscar, obter e tratar información, así como de utilizala de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia. En especial para a comprensión da devandita información, a súa organización textual e, o seu uso na expresión oral e escrita.

Competencia de aprender a aprender

A área de Lingua galega, entre outras, posibilita que o alumnado constrúa os seus coñecementos mediante a linguaxe, xestionando eficazmente a súa aprendizaxe e reflexionando criticamente sobre os fins e o obxecto do mesmo. A lectoescritura, xunto ao cálculo e as TIC, son ferramentas básicas para a construcción do coñecemento.

Competencias sociais e cívicas

Analizando esta competencia desde a capacidade para o respecto, o diálogo e o consenso, enténdese que é necesario como base para unha boa comunicación un bo uso dos códigos e usos lingüísticos. A linguaxe contribúe desta maneira para construír unha imaxe do mundo, da personalidade, mediante o desenvolvemento da capacidade de expresar vivencias, opinións, emocións, sentimientos e ideas, e a regular a propia conduta proporcionando un equilibrio.

Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A lingua galega, e todas as linguas en xeral, son instrumentos de comunicación e de creación pensamento. maneira, a lingua galega contribúe á adquisición do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor na construcción de estratexias, na toma de decisións, na comunicación de proxectos persoais e na base da autonomía persoal. A comunicación, verbal e non verbal, das diferentes linguas que se utilicen, contribuirán ao aumento da autoestima e desenvolvemento persoal, e garantirá unha adecuada interacción social.

Competencia de conciencia e expresións culturais

A área de Lingua galega e literatura contribúe ao desenvolvemento da Competencia e expresión cultural na medida na que se converte en ferramenta fundamental na realización, expresión creativa e apreciación das obras en distintos medios, como a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas.

Valores sociais e cívicos

Competencia de comunicación Lingüística.

A área contribúe ao desenvolvemento da competencias sociais e cívicas posto que desde esta desenvolveranse aquelas habilidades que permiten saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia, resolvélos con actitude construtiva e tomar decisións con autonomía empregando.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Esta competencia vese reflectida na habilidade para desenvolver e aplicar o razonamento co fin de resolver diversos problemas en situacíons cotiás. Esta área contribúe a emitir xuízos fundados e seguir cadeas argumentais na realización de análise dunha circunstancia dada, proporcionando solucións adecuadas e con sentido, baseadas no respecto á verdade e na vontade de atopar argumentos avaliando a súa validez.

Competencia dixital

Coa que se poderán poñer en valor actitudes e hábitos de respecto aos demais a través do uso correcto da internet e as redes sociais coa potencialidade dunha relación social emerxente.

Competencia do aprender a aprender

Axudará a ser consciente do que se sabe e do que é necesario aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándooos e orientándooos a satisfacer obxectivos persoais. Requiere coñecer as propias potencialidades e carencias, sacando proveito das primeiras e tendo motivación e vontade para superar as segundas desde unha expectativa de éxito, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.

Competencias sociais e cívicas

Implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade; para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez más diversificados; para elaborar respuestas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta área desenvolve a transformación das ideas en accións; é dicir, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo proxectos, incluíndo a capacidade para provocar cambios e a habilidade para aceptar e apoiar cambios producidos por factores externos, asumindo a responsabilidade das propias accións e marcando obxectivos coa finalidade de alcanzalos.

Competencia para a Conciencia e expresións culturais

Contribuirá desenvolvendo a capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais no marco de proxectos

individuais ou colectivos responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal, como social e laboral.

Educación artística

Competencia en comunicación lingüística

A Educación Artística preséntase fundamental para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística ao facer uso das linguaxes non verbais e ao desenvolver a atención, a audición e visión interior, a memoria musical e fotográfica, así como a conciencia comunicativa.

Competencias matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área ofrece ferramentas para a resolución de problemas cotiáns de índole musical e plástico utilizando tanto o pensamento matemático como o pensamento lóxico utilizando harmonías, tempos e ritmos, esenciais no traballo cotián na área artística.

Competencia dixital

Adquiere cada vez más importancia na Educación Artística o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e a creación de producións artísticas e análises da imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.

Competencia aprender a aprender

Son contidos específicos da área a experimentación con técnicas, materiais, a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos e a manipulación de obxectos co fin de que os coñecementos adquiridos doten ao alumno dunha bagaxe suficiente para utilizarlos en situacíons diferentes.

Competencia social e cívica

A Educación Artística favorece a participación en experiencias musicais colectivas como forma de expresar ideas propias, valorar as demais e coordinar accións propias e doutros integrantes. O ámbito social leva a comprensión da evolución social e cultural da humanidade e aproximando ao alumno a outras formas de expresión, valorando a diversidade que nos enriquece ao fomentar unha actitude aberta, integradora e respectuosa ante outras manifestacíons artísticas diferentes ás nosas.

Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área promove a competencia ao facer dos proxectos de creación artística un dos seus eixos principais. O proceso creador potencia a capacidade para indagar, , imaxinar, prever, planificar e realizar as propias producións. O proceso desde a exploración inicial ata o produto final require dunha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais, non estereotipados.

Competencia conciencia e expresíons culturais

A área de Educación Artística permite o coñecemento de diferentes códigos artísticos e posibilita a utilización das técnicas e os recursos que lles son propios para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente na interpretación, a creación e a composición, todo iso tanto de forma individual como colectiva.

3. ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS

3.1 Obxectivos da materia.

Comprender textos orais e escritos para obter, procesar e compartir información, mantendo a atención e unha actitude crítica.

Escoitar, reproducir e representar expresíons da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos

trabalinguas, etc.) e valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.

Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en diferentes ámbitos, adecuando a forma de expresión á situación e á intención comunicativa.

Escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua.

Expresar con claridade, ordenadamente e mediante os mecanismos de cohesión necesarios: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.

Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demás, respectando as normas do intercambio comunicativo.

Utilizar unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.

Representar e recitar textos orais coa articulación, a entoación e o ritmo axeitados, de forma comprensiva e expresiva, coa pronuncia propia da lingua galega e coa xesticulación adecuada.

Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.

Desenvolver o hábito e o gusto pola lectura, como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación, e amosar certa autonomía lectora.

Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc.).

Usar o dicionario, en formato papel ou dixital, con certa autonomía.

Utilizar terminoloxía lingüística básica e aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.

Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.

Identificar e evitar as interferencias entre as linguas que está a aprender.

Identificar, de maneira global, as variedades xeográficas da lingua galega e recoñecer a estández como variante unificadora.

Mostrar interese polo coidado na presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. Comprender textos do ámbito escolar producidos con finalidade didáctica (definicións, instrucións, explicacións...) ou de uso social (debates, correos electrónicos, páxinas web...), para aprender e para informarse.

Producir textos escritos propios da vida social da aula, como modelo de comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, cuestionarios, anotacións na axenda...), de acordo coas características propias destes textos.

Interpretar a información dos textos procedente de esquemas, gráficos e ilustracións, e utilizar este tipo de recursos paratextuais nas creacións propias.

Utilizar, de xeito dirixido, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula, de centro, de localidade e virtuais), mostrando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.

Compoñer textos propios dos medios de comunicación social, utilizando soportes do ámbito escolar: rede WIFI, Notebook e páx. WEB do colexió e da localidade.

Sublinhar, esquematizar e resumir a información relevante de textos sinxelos.

Comprender textos literarios de xéneros diversos, axeitados en canto a temática e complexidade, e iniciarse no coñecemento da linguaxe literaria.

Valorar a literatura como fonte de coñecemento da cultura propia e da doutros países.

3.2 Contidos:

1º Trimestre:

Lectura e comprensión dunha narración.

Manexo do dicionario.

Comunicación verbal e non verbal.

A sílaba tónica e o acento gráfico.

Regras de acentuación.

Ditongo e hiato.

A narración en 1^a persoa.

Recoñecemento de: sinónimos e antónimos.

A biografía. A narración en 3^a persoa.

Lectura e comprensión de textos poéticos.

Palabras polisémicas.

Palabras homófonas.

Palabras compostas.

A rima, personificación e hipérbole.

O nome: xénero e número. Clases de nomes.

O adxectivo e concordancia co nome.

Determinantes: artigo, demostrativo, posesivo e numeral.

Puntuación: punto, coma, punto e coma, dous puntos e puntos suspensivos.

As onomatopeas. As rimas con retrouso.

Léxico relacionado con: familia, as estacións, o Nadal e a cocíña.

2º Trimestre:

Os textos narrativos.

Palabras derivadas: prefixos e sufixos.

Familias de palabras.
Campo semántico.
As palabras rematadas en –axe, -ite, -se.
O pronome persoal.
O verbo: persoa, número e tempo. Modelos de conxugación.
O adverbio.
Preposicións e conxuncións.
O anuncio.
A lenda.
As palabras con “x”.
As definicións.
O conto popular.
Lectura e comprensión dun texto informativo.
As palabras con “b”.
Palabras con “v”.
A solicitude.
Os contos en verso.
Léxico relacionado con: a limpeza, a roupa e o ceo.

3º Trimestre:

Léxico relacionado con: a auga, as estacións do tren e a festa.
O verbo. Modelos de conxugación.
Diferenciación e recoñecemento do enunciado e a oración.
As clases de oracións.
O suxeito e o predicado.
Os verbos rematados en –ver, -ber.
A orde na escrita.
Lectura e comprensión dun texto teatral.
Os verbos rematados en –bir.
A noticia.
As variedades da lingua.
Identificación de castelanismos.
O seseo e a gheada.
Os préstamos lingüísticos.

O diálogo e os monólogos nos textos teatrais.

O correo electrónico e o correo postal.

3.3 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

1. Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo.
2. Utilizar de xeito guiado documentos audiovisuais valorándooos como instrumento de aprendizaxe.
3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.
4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións.
5. Participar nas diversas situacíons de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.
6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe.
7. Elaborar textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.
8. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual.
9. Amosar respecto e cooperación nas situacíons de aprendizaxe en grupo.
10. Interessarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.
11. Usar, dunha forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
12. Identificar variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas, morfolóxicas e léxicas más evidentes.
13. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler.

1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis...).
2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos.

3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.
4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.
5. Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas.
6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses.
7. Coñecer o funcionamento da bibliotecas de aula, centro, así como as virtuais, colaborando no seu coidado e mellora, e participar en actividades literarias.
8. Ter interese por ter unha biblioteca propia.
9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.

Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.
2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.
3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.
4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.
5. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos.
7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á producción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.
2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.
4. Recoñecer e empregar os conectores básicos.

5. Identificar intuitivamente o suxeito e o predicado, así como o papel semántico do suxeito, para mellorar a comprensión e a produción de textos.
6. Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía.
7. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos.
8. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado, para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.

Bloque 5. Educación literaria.

1. Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral.
2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.
3. Identificar o xénero literario ao que pertence uns textos dados.
4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sínxelos.
5. Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.
6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.
7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.

3.4 Estándares de aprendizaxe.

1º Trimestre:

Escoita textos orais atentamente.

Le un texto narrativo con fluidez.

Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á lectura.

Coñece como está organizado un dicionario e manéxao con soltura.

Diferenza entre comunicación verbal e non verbal.

Identifica a sílaba tónica das palabras, diferenciándoas á tonas.

Sabe que é o acento gráfico.

Recoñece as palabras agudas e aplica as normas de acentuación para acentualas.

Recoñece as palabras graves e aplica as normas de acentuación para acentualas.

Recoñece as palabras esdrúxulas e aplica as normas de acentuación para acentualas.

Identifica os ditongos e divide en sílabas as palabras que os levan.

Identifica os hiatos e divide en sílabas as palabras que os levan

Comprende a estrutura e a utilidade da axenda escolar e fai anotacións.

Distingue un texto narrativo en primeira persoa e os elementos que o identifican.

Mostra interese por coñecer algúns vestixios históricos da nosa cultura.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á familia.

Relaciona palabras sinónimas e palabras antónimas.

Redacta unha breve biografía a partir dun modelo dado.

Distingue un texto narrativo en terceira persoa e os elementos que o identifican.

Mostra interese por coñecer algúns pintores e pintoras galegos, así como a súa obra.

Le textos poéticos coa entoación adecuada.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ás estacións do ano.

Identifica palabras polisémicas e recoñece os distintos significados.

Identifica as palabras que riman nun poema.

Escribe un poema breve tendo en conta a rima.

Identifica exemplos de personificación e hipérbole.

Mostra interese por coñecer algunhas mostras de arquitectura popular.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao Nadal.

Recoñece palabras homófonas e o seu significado.

Identifica os nomes e sabe clasicalos.

Identifica o xénero de nomes dados e forma o feminino de nomes en masculino.

Identifica o número de nomes dados e forma o plural de nomes en singular.

Recoñece adjetivos e fai a concordancia oportuna.

Identifica e emprega os artigos e as súas contraccións.

Identifica e emprega os demostrativos e as súas contraccións.

Coñece e utiliza con corrección os posesivos.

Coñece e utiliza con corrección os numerais.

Coñece e aplica as regras de uso da coma, do punto, punto e coma, puntos suspensivos e dos dous puntos.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido aos utensilios e electrodomésticos da

cociña.

Recoñece, descompón e forma palabras compostas.

Redacta unha receita de cociña a partir dun modelo dado.

Asocia onomatopeas co seu significado e utilízaas en producións propias.

Recoñece o retrouso dun poema.

Mostra interese por coñecer tradicións propias da nosa cultura.

2º Trimestre:

Escoita textos orais atentamente.

Le un texto narrativo con fluidez.

Comprende o sentido global dun texto e responde cuestiós de comprensión.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao universo e á noite.

Identifica as palabras pertencentes a un campo semántico.

Escribe correctamente palabras con v.

Escribe unha solicitude seguindo un modelo.

Le unha cantiga de berce e identifica os seus trazos característicos.

Coñece e utiliza con corrección os pronomes persoais.

Identifica a persoa, o número e o tempo en diferentes formas verbais.

Conxuga en modo indicativo verbos regulares das tres conxugacións.

Identifica os adverbios e clasificaos segundo a circunstancia que indiquen: tempo, lugar ou modo.

Identifica e usa con corrección as preposicións e as conxuncións.

Identifica as principais características dun texto narrativo, así como a súa estrutura.

Mostra interese por coñecer algunas mostras da cerámica galega.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á hixiene.

Identifica prefixos e aplícaos para formar palabras novas.

Escribe correctamente palabras rematadas en -axe, -ite e -se e fai a concordancia en feminino.

Elabora un cuestionario a partir dun modelo dado.

Recoñece as características específicas dunha lenda.

Mostra interese por coñecer algunas mostras da nosa cultura e tradición.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á roupa.

Identifica prefixos e sufíxos e aplícaos para formar palabras novas.

Escribe correctamente palabras con x e pronúnciaas adecuadamente.

Discrimina na práctica algunas palabras que comezan por ex- e por es-.

Define obxectos tendo en conta as súas características.

Analiza e conta contos populares.

Mostra interese por coñecer algúns vestixios históricos da nosa cultura.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao parque.

Identifica as palabras que forman unha familia léxica.

Escribe correctamente palabras con b.

Entende e escribe textos normativos sinxelos, acordes a un determinado espazo.

Le e analiza contos en verso.

Mostra interese por coñecer o noso patrimonio histórico e cultural.

3º Trimestre:

Escoita textos orais atentamente.

Le textos poéticos con fluidez e coa entoación adecuada.

Comprende o sentido global dun texto e responde cuestiós de comprensión.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á auga.

Conxuga en modo indicativo verbos regulares das tres conxugacóns.

Identifica exemplos que dan conta da diversidade lingüística e recoñece a variedade estándar como a normativa.

Discrimina o uso de b e v nalgúns verbos rematados en -ber e -ver.

Redacta un texto con sentido, ordenando os parágrafos e utilizando os conectores precisos.

Compoñer un poema combinando a palabra con elementos plásticos.

Mostra interese por coñecer algunas mostras do noso patrimonio natural.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á estación de tren.

Identifica préstamos doutras linguas e o correspondente termo galego (se o hai).

Escribe con b todos os verbos rematados en -bir, excepto vir, servir e vivir.

Identifica a noticia como xénero periodístico e recoñece as súas principais características.

Describe o decorado dunha obra teatral e recoñece a súa finalidade.

Mostra interese por coñecer algunas mostras artísticas da nosa cultura.

Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á festa.

Identifica castelanismos e substitúeos polas palabras galegas correctas.

Identifica o seseo e a gheada como fenómenos propios da fala.

Escribe correctamente un correo electrónico atendendo á súa estrutura específica.

Escribe unha tarxeta de felicitación seguindo unhas pautas dadas.

Identifica e diferencia o diálogo e o monólogo en textos teatrais.

Mostra interese por coñecer o noso patrimonio histórico e cultural.

Sabe que é un enunciado e identifica a oración como un tipo de enunciado que contén un verbo.

Clasifica oracións segundo o seu significado.

Identifica e diferencia o suxeito e o predicado nunha oración.

Recoñece a concordancia entre o suxeito e o predicado.

4. ÁREA DE LENGUA Y LITERATURA CASTELLANA.

4.1 Objetivos:

1. Participar en situaciones de comunicación dirigidas y espontáneas.
2. Expresarse de forma oral satisfaciendo las necesidades de comunicación en diferentes situaciones.
3. Comprender los mensajes orales.
4. Ampliar el vocabulario para la mejora de la expresión y la comunicación.
5. Comprender y memorizar diferentes tipos de textos.
6. Producir textos orales y sencillos relacionados con el ámbito cotidiano del alumno.
7. Utilizar el lenguaje oral para comunicarse.
8. Valorar los medios de comunicación social como instrumento de aprendizaje.
9. Leer y comprender distintos tipos de textos acordes a su edad.
10. Utilizar estrategias para la comprensión de textos.
11. Utilizar las TIC como medio para la lectura y comprensión de textos y para la realización de ejercicios.
12. Trabajar el Plan Lector para fomentar el gusto por la lectura.
13. Producir textos escritos de acuerdo con modelos sencillos.
14. Utilizar la lengua de forma oral y escrita.
15. Utilizar el diccionario como recurso.
16. Elaborar proyectos individuales o colectivos sobre diferentes temas del área.
17. Favorecer el pensamiento crítico.
18. Trabajar el plan de escritura para la mejora de la eficacia escritora y fomentar la creatividad.
19. Utilizar las TIC para presentar sus producciones.
20. Identificar los componentes básicos de una situación comunicativa.
21. Aplicar los conocimientos sobre la lengua para resolver problemas de comprensión de textos orales y escritos.
22. Conocer y aplicar las normas ortográficas y utilizarlas con corrección en los textos.

23. Reconocer e identificar los elementos de la frase: sujeto-predicado y su relación.
24. Reconocer la realidad plurilingüe de España.
25. Utilizar los textos literarios como fuente de disfrute y enriquecimiento.
26. Integrar la lectura expresiva y la comprensión de textos.
27. Utilizar las bibliotecas de aula y de centro para obtener información y disfrutar de la lectura.
28. Elaborar textos sencillos siguiendo patrones.
29. Identificar y corregir en textos orales y sencillos rasgos y expresiones que manifiesten discriminación.
30. Participar en dramatizaciones de textos literarios adaptados a la edad.

4.2 Contenidos:

1º Trimestre:

- Lectura y comprensión de un texto narrativo: Mi tío Teo.
- Uso de la mayúscula.
- La comunicación.
- Las lenguas de España.
- El diccionario.
- La coherencia textual.
- La narración (I)
- Escribir canciones de juegos tradicionales.
- Lectura y comprensión de un texto expositivo: Seres increíbles.
- El nombre: género y número.
- Clases de nombres.
- Sílabas tónica y átona y acentuación de palabras agudas, llanas y esdrújulas.
- Palabras sinónimas y antónimas.
- El texto: la cohesión (I).
- El narrador en primera persona.
- Organización de un concurso valorando después la lectura en voz alta de sus compañeros.
- Lectura y comprensión de un texto poético: Poemas y piratas.
- El diptongo y el hiato.
- Palabras polisémicas y homónimas.
- El adjetivo y la concordancia.
- El texto: la cohesión (II).

- La descripción en la narración.
- Elaboración de un folleto.
- Lectura y comprensión de un texto narrativo: La casa de Magín.
- Los determinantes: artículo y demostrativo.
- Signos de puntuación: coma, punto y punto y coma.
- Palabras homófonas.
- La descripción de lugares.
- El diálogo en la narración.
- Hacer un cartel.
- Lectura y comprensión de un texto teatral: La isla del tesoro.
- Los dos puntos, los puntos suspensivos.
- El determinante: posesivos y numerales.
- Palabras compuestas.
- Las instrucciones.
- Teatro: los diálogos y las acotaciones.
- La interpretación de un gráfico.

2º Trimestre:

- Lectura y comprensión de un texto narrativo: Cerote
- Palabras con bu-, bur- y bus.
- Palabras con geo- y gest-.
- El pronombre personal.
- Palabras derivadas (I): i-, in-, im-, des-, pre- y re-, mono-, poli- y semi-
- La autobiografía.
- El teatro (II): El monólogo
- Elaboración de una exposición fotográfica. El pie de foto.
- Lectura y comprensión de un texto poético: Jardín de playa.
- Adjetivos terminados en -ava, -ave, -avo, -eva, -eve, -evo, -iva e -ivo.
- El verbo: tiempo y formas simples y compuestas.
- El verbo: las conjugaciones.
- Elaboración y diferenciación de cartas y postales.
- De la narración al teatro.
- Prefijos aereo-, súper- y tele
- Sufijos: -on, -azo y -ante

- La creación de entradas para espectáculos.
- Lectura y comprensión de un texto expositivo: Las plantas.
- Palabras terminadas en -d y -z.
- Palabras que terminan en -aje, -eje, -jero/a y -jería
- El adverbio.
- El verbo: las conjugaciones.
- Familias de palabras.
- Campos semánticos.
- El formulario.
- La lengua literaria: comparación, la personificación y la metáfora.
- Interpretación de un plano.
- Lectura y comprensión de un texto narrativo: El conejo-sí y el conejo-no.
- Palabras terminadas en -ll e y, y con x.
- Preposiciones.
- Conjunciones copulativas y adversativas.
- El verbo: las conjugaciones.
- Gentilicios.
- La exposición.
- El poema: la rima y el ritmo.
- La entrevista.

3º Trimestre:

- Lectura y comprensión de un texto teatral: Vivir soñando.
- Palabras que empiezan por hie-, hue, hui y verbos con h.
- El enunciado: tipos.
- La oración: sujeto y predicado.
- El verbo: las conjugaciones.
- Coloquialismos y cultismos.
- Ideas principales y secundarias.
- El poema: la medida de los versos.
- Organizar un videofórum.
- Lectura y comprensión de un texto narrativo: La isla del Coral.
- Verbos terminados en -aba, -abas, -aban...

- Diferenciación entre haber y a ver.
- Clases de oraciones.
- El verbo: las conjugaciones.
- Frases hechas y refranes.
- La noticia.
- El cómic.
- Lectura y comprensión de un texto poético: Estaciones poéticas.
- Verbos terminados en -ger y -gir.
- Verbos terminados en -bir y -buir.
- La comunicación verbal y no verbal.
- El verbo: las conjugaciones.
- La argumentación.
- Lectura y literatura.
- Creación de un blog.

4.3. Criterios de Evaluación y Estándares de Aprendizaje.

Bloque 1. Comunicación oral: hablar y escuchar.

1. Expresarse oralmente en situaciones comunicativas propias de la vida escolar, participando en conversaciones que traten temas cotidianos.
2. Participar en encuestas o entrevistas, utilizando estrategias y expresiones adecuadas, expresando su opinión personal.
Construye gráficos con pictogramas.

Lee e interpreta gráficos con pictogramas.

Calcula mentalmente multiplicaciones de números de dos cifras por diecinueve y por veintiuno.

Aplica correctamente la estrategia de extraer los datos contenidos en gráficos.

6. ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA.

6.1 Obxectivos.

1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano (anatomía, fisioloxía, localización, forma, estrutura, funcións, coidados, etc.).
2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
3. Desenvolver hábitos saudables de alimentación, hixiene e exercicio físico, así como discriminar as actividades nocivas para a saúde.
4. Coñecer os diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos, e diferenciando os reinos.
5. Clasificar plantas por especies segundo criterios científicos como a súa reproducción ou morfoloxía, e recoñecer especies utilizando claves ou pautas sinxelas.
6. Desenvolver actitudes de respecto e coidado cara ás diferentes formas de vida.
7. Coñecer as características dos animais vertebrados e invertebrados, e clasificalos.
8. Identificar e explicar as relacións entre os seres vivos.
9. Identificar as principais características e os compoñentes dun ecosistema.
10. Recoñecer diferentes hábitats dos seres vivos.
11. Discriminar as propiedades dos materiais e dos distintos obxectos que se fabrican grazas a eles. e clasificar algúns materiais segundo as súas propiedades.
12. Coñecer os distintos tipos de enerxía, as súas fontes e as máquinas coas que se obteñen.
13. Explicar os beneficios e os riscos relacionados co uso da enerxía, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.

14. Coñecer os protocolos de actuación ante accidentes escolares e domésticos.
15. Adquirir estratexias de resolución de conflitos e relación social.
16. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos da observación directa e indirecta a partir da consulta de diversas fontes e comunicando resultados.
17. Establecer conjecturas tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural coma sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia ou empregando programas informáticos sinxelos de simulación científica.
18. Utilizar diferentes técnicas de exposición oral e escrita dos resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándooos con apoios gráficos.
19. Facer predicións a partir da análise de información sobre feitos ou fenómenos e comunicar os seus resultados a través da xeración de supostos ou hipóteses.
20. Expressar oralmente os resultados obtidos en proxectos ou investigacións, apoiando o discurso en datos gráficos.
21. Desenvolver o traballo cooperativo en actividades grupais, fomentando os principios e os valores da interacción social.
22. Desenvolver as capacidades de resolución de conflitos e autonomía como factores de desenvolvemento e crecemento persoal.
23. Realizar un proxecto e presentar un informe.

6.2 Contidos:

1º trimestre:

- Nutrientes e alimentos.
- A auga e a fibra na nutrición.
- Tipos de alimentos segundo o seu contido en nutrientes.
- Obtención de nutrientes: aparato dixestivo e proceso da dixestión.
- A dieta.
- A dieta saudable.
- A dieta mediterránea e a atlántica: características e importancia.
- Normas de hixiene alimentaria.
- Estratexias básicas para facilitar a dixestión e mellorar a dieta.
- Valoración da importancia da alimentación e adquisición de pautas para avaliar e elaborar axudas e menús.

- O aparato respiratorio, os seus órganos e as súas funcións.
- Os movementos respiratorios.
- O proceso da respiración.
- O aparato circulatorio, os seus órganos e as súas funcións.
- O latexo cardíaco.
- A circulación do sangue. Ideas básicas.
- O aparato excretor, os seus órganos e as súas funcións.
- Formación e excreción dos ouriños.
- As glándulas sudoríparas. Formación e excreción da suor.
- Integración dos procesos da función de nutrición.
- Utilización de láminas e debuxos para a localización de órganos e aparatos.
- Normas básicas de hixiene e saúde dos aparatos respiratorio, circulatorio e excretor.
- Exercicios e estratexias básicas para manter a saúde na nosa función de nutrición.
- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e actitude favorable cara á lectura.
- Coñecemento e aplicación de estratexias e elementos matemáticos na resolución de problemas.
- Comprensión da realidade e exercicio dunha cidadanía construtiva e respectuosa coa saúde propia e coa colectiva.
- Coñecemento e uso responsable das TIC ao investigar sobre a composición e funcionamento do corpo humano, e sobre a importancia das análises de sangue e de ouriños.
- Uso de estratexias para tratar a información, transformala en coñecemento propio e aplícalala en distintos contextos. Participación activa no propio proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e perseveranza á hora de realizar observacións, afrontar os problemas, traballar en grupo e defender opinións, e para desenvolver comportamentos e hábitos saudables de vida.
- Recoñecemento do valor cultural do patrimonio natural e a gastronomía.
- Elaboración de traballos e presentacións con sentido estético.
- A función de relación. Fases e procesos implicados.
- Sentido da vista ou visión. O ollo, as súas partes, percorridos de sinais e percepción no cerebro.
- Sentido da audición ou oído. O oído, as súas partes, percorridos de sinais e percepción no cerebro.
- Sentidos do gusto, do olfacto e do tacto. Órganos encargados de captar estímulos, percorridos de sinais e percepción no cerebro.
- Aparato locomotor. Funcións que realiza.
- O esqueleto. Composición e funcións. Articulacións.
- A musculatura. Tipos de músculos. Funcións.
- Alteracións na función de relación. Linguaxes especiais: braille e linguaxe de signos.

- Accións nos ámbitos urbanos destinadas a facilitar o desprazamento e o acceso a persoas con alteracións na función de relación.
- Pautas para coidar os órganos dos sentidos e o aparato locomotor.
- Interpretación de imaxes e descripción de procesos relacionados coa percepción e co movemento.
- Valoración e respecto polas persoas afectadas por alteracións na súa percepción sensorial ou na súa mobilidade.
- Disposición favorable para integrar medidas e accións que faciliten a accesibilidade nos ámbitos urbanos.
- Elaboración de traballos e presentacións con sentido estético.
- Coñecemento e uso de materiais, técnicas e recursos expresivos.

2º trimestre:

- Organización dos seres vivos e clasificación dos principais reinos.
- Partes e estrutura dunha planta, e tarefas que realiza relacionadas coa función de nutrición.
- Como se alimentan as plantas. A fotosíntese, a respiración e os refugallos.
- Importancia da fotosíntese no planeta.
- Función de relación no reino das plantas. Algúns tropismos e comportamentos das plantas nas estacións.
- Reprodución sexual das plantas con flores e mediante sementes.
- Algunhas formas de reproducción sen sementes de plantas que poden formalas. Vantaxes destas formas de reproducción.
- Crecemento e idade das árbores.
- Utilización de diferentes recursos para identificar e describir partes das plantas, tipos de plantas e procesos que realizan.
- Realización de experimentos para comprobar hipóteses sobre fototropismos e a importancia da humidade na xerminación das sementes.
- Aprecio da importancia das plantas para o ser humano e para o resto de seres vivos, e respecto ás plantas do ámbito.
- Valoración da importancia da auga para as plantas (a fotosíntese) e para todos os seres vivos.
- Ciclo da auga.
- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e actitude favorable cara á lectura.
- Coñecemento e aplicación de estratexias e elementos matemáticos na resolución de problemas.

- Comprensión da realidade e exercicio dunha cidadanía construtiva e respectuosa coa natureza.
- Coñecemento e uso responsable das TIC ao investigar sobre as plantas.
- Uso de estratexias para tratar a información, transformala en coñecemento propio e aplícalo en distintos contextos. Participación activa no propio proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e perseveranza á hora de realizar observacións, afrontar os problemas e defender opinións. Desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.
- Recoñecemento do valor cultural do patrimonio natural.
- Coidado da estética na elaboración de traballos e presentacións.
- Comunidades de seres vivos. Ideas de flora e fauna.
- Idea básica de adaptación.
- Idea básica de ecosistema e os seus elementos.
- Exemplos de ecosistemas.
- Relacións alimentarias nos ecosistemas. Produtores: algas e plantas. Consumidores: os animais. Descompoñedores: fungos e bacterias.
- O equilibrio nos ecosistemas.
- Cambios habituais e naturais nos ecosistemas.
- Cambios que alteran os equilibrios dos ecosistemas.
- O ser humano nos ecosistemas. Cambios introducidos polo ser humano.
- Accións para conservar e recuperar os ecosistemas.
- Espazos naturais protexidos. Como estudar un espazo natural protexido.
- Recoñecemento do valor cultural do patrimonio natural.
- Coidado da estética na elaboración de traballos e presentacións.

3º trimestre:

- Propiedades xerais da materia: masa e volume.
- Unidades, instrumentos e procedementos básicos para medir masas e volumes dos corpos.
- Estados da materia e propiedades dos estados.
- Experiencias para percibir as propiedades destes estados.
 - Outras propiedades da materia: idea básica de densidade, propiedades sensoriais, dureza, elasticidade, flexibilidade...
- Materias primas e algúns materiais elaborados importantes: madeira, vidros, plásticos, metais, fibras e combustibles.
- As forzas e os seus efectos.

- Tipos de forzas: por contacto e acción a distancia (gravitatorias e magnéticas).
- A masa e o peso.
- Idea de enerxía.
- Formas da enerxía.
- Transferencia e transformacións da enerxía.
- Fontes de enerxía.
- Algunhas consecuencias derivadas do alto consumo dalgúns fontes de enerxía.
- A luz e as súas fontes.
- Características da luz.
- Comportamento dos materiais ante a luz: corpos opacos, translúcidos e transparentes.
- Luz e sombras nos corpos opacos.
- A reflexión da luz.
- A refracción da luz.
- A descomposición da luz.
- A cor.
- Estratexias para reducir o consumo de materiais e de enerxía.
- Xeración de cores a partir das cores fundamentais.
- Composición da luz branca. Disco de Newton.
- Realización de experiencias para observar formas de enerxía, transferencias e transformacións.
- Realización de experiencias para estudar características da luz e os fenómenos luminosos.
- Utilización coidadosa e responsable de instrumentos, substancias e materiais.
- Comprensión de informacións e experiencias, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e actitude favorable cara á lectura.
- Coñecemento e aplicación de estratexias e elementos matemáticos na resolución de problemas e nos procesos de medición.
- Coñecemento e utilización responsable das TIC ao investigar sobre a materia, as materias primas, os seus usos e os procesos de obtención de materiais elaborados.
- Uso de estratexias para tratar a información, transformala en coñecemento propio e aplícalala en distintos contextos.
- Participación activa no propio proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e perseveranza á hora de realizar observacións, afrontar problemas, traballar en grupo e defender opinións, e para desenvolver comportamentos respectuosos co ámbito.
- Conciencia sobre a producción de residuos e lixos nas actividades humanas.
- Elaboración de presentacións e traballos con sentido estético.
- Aprecio da beleza na natureza e no cotián.

- Idea de máquina.
- Tipos de máquinas segundo a enerxía que usan para funcionaren.
- Operadores e funcións que desempeñan.
- Operadores básicos ou máquinas simples e o seu funcionamento: roda, rolo, polea, plano inclinado ou rampla e pancas.
- Mecanismos e os seus operadores: eixe, engrenaxe, correas e cadeas.
- Motores térmicos e eléctricos. Aspectos básicos do seu funcionamento.
- Fontes de enerxía. Fontes de enerxía renovables e non-renovables.
- Algunhas consecuencias derivadas do alto consumo de determinadas fontes de enerxía.
- Proxecto de construcción dunha máquina: a catapulta.
- Investigación sobre descubrimientos e invencións relevantes e as persoas que os realizaron.
- Realización de experiencias para observar a estrutura e o funcionamento de motores e operadores.
- Valoración das achegas tecnolóxicas polos seus efectos no progreso das sociedades.
- Utilización coidadosa e responsable de obxectos e materiais de uso común.
- Comprensión de informacións e experiencias, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación, e actitude favorable cara á lectura.
- Coñecemento e aplicación de estratexias e elementos matemáticos na resolución de problemas e na planificación de proxectos.
- Coñecemento e uso responsable das TIC ao investigar sobre a vida e os descubrimientos científicos e tecnolóxicos.
- Uso de estratexias para tratar a información, transformala en coñecemento propio e aplícalala en distintos contextos. Participación activa no propio proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e perseveranza á hora de realizar observacións, afrontar problemas, traballar en grupo, proponer hipóteses e defender opinións.
- Elaboración de traballos e presentacións con sentido estético.
- Coñecemento e uso de recursos artísticos e expresivos.

6.3 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Bloque 1. Iniciación á actividade científica

1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos da observación directa e indirecta a partir da consulta de diversas fontes e comunicando os resultados.
2. Establecer conjecturas tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural coma

sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia ou empregando programas informáticos sinxelos de simulación científica.

3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación, coñecendo e respectando as indicacións de seguridade na rede.

4. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros e compañeiras, coidando as ferramentas e facendo un uso adecuado dos materiais.

5. Utilizar diferentes técnicas de exposición oral e escrita dos resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándooos con apoios gráficos.

6. Realizar un proxecto e presentar un informe.

Bloque 2. O ser humano e a saúde

1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e coñecer a anatomía e fisioloxía, dos aparatos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados, etc.

2. Describir as enfermidades máis comúns e como lle afectan ao organismo, así como relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, sabendo as repercuíóns para a saúde do seu modo de vida.

3. Sinalar a achega dalgúns avances da ciencia e da investigación que melloran a vida.

4. Coñecer os protocolos de actuación ante accidentes escolares e domésticos.

5. Adquirir estratexias de resolución de conflitos e relación social valorando as consecuencias das decisións adoptadas en relación cos demais e co aproveitamento do seu tempo de lecer.

Bloque 3. Os seres vivos

1. Identificar e coñecer os principais órganos implicados na realización das funcións vitais dos seres vivos identificando os aparatos e os sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados, etc.

2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos e diferenciando os reinos.

3. Coñecer as características e compoñentes dun ecosistema entendendo a importancia do medio físico (sol, auga, chan, relevo e aire) e a súa relación cos seres vivos.

4. Usar medios tecnolóxicos, respectando as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, mostrando interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos, e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.

Bloque 4. Materia e enerxía

1. Identificar e citar exemplos dos principais usos que o ser humano fai dos recursos materiais.
2. Coñecer os procedementos para a medida da masa dun corpo.
3. Realizar pequenas experiencias para estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a reflexión e refracción e a descomposición da luz branca.
4. Planificar e realizar sinxelas investigacións predicindo o comportamento dos corpos seguindo os pasos do método científico e empregando programas de simulación.
5. Diferenciar as distintas fontes de enerxía e valorar a súa orixe, características e a importancia de facer un uso responsable destas.
6. Identificar e explicar os beneficios e riscos relacionados coa utilización da enerxía: esgotamento, chuvia ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sustentable.

Bloque 5. A tecnoloxía, obxectos e máquinas

1. Coñecer os componentes e os principios básicos que rexen máquinas e aparatos diferenciando e enunciando exemplos de máquinas simples e compostas de uso frecuente con especial atención á panca.
2. Planificar co deseño previo de esquemas, simuladores ou debuxos a construción de obxectos e aparatos cunha finalidade previa, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo, e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron.
3. Coñecer a biografía de investigadores ou científicos que contribuíron a mellorar a calidade de vida das persoas e fixeron avanzar a humanidade e identifica os beneficios e os riscos destes avances.
4. Empregar estratexias de busca e selección de información na rede.

Estándares de aprendizaxe.

1º trimestre:

Define alimento e nutriente. Nomea os nutrientes más importantes e identifica alimentos que os conteñen. Describe a importancia da auga e da fibra na nutrición.

Nomea tres grupos de alimentos e identifica e clasifica alimentos frecuentes.

Identifica, localiza e nomea os órganos do aparato dixestivo, e describe algunas das tarefas que realizan.

Define dixestión e describe as fases en que se realiza, nomeando os órganos que participan en cada unha.

Define dieta e describe as características dunha dieta saudable. Aplica coñecementos para confeccionar unha dieta saudable.

Describe características da dieta mediterránea e a atlántica e os seus valores.

Identifica, localiza e nomea os órganos do aparato respiratorio, e describe as tarefas que realizan no proceso da respiración.

Nomea os órganos que forman o aparato circulatorio, coñece a estrutura básica do corazón, e describe o latexo cardíaco e as súas consecuencias.

Describe aspectos básicos da circulación do sangue e os intercambios que se realizan coa súa axuda en diferentes órganos.

Identifica, localiza e nomea os órganos do aparato excretor e describe as súas funcións. Define os procesos de formación e excreción dos ouriños e da suor mediante as glándulas sudoríparas e os poros da pel.

Comprende os efectos beneficiosos dalgunhas accións de hixiene e coidado dos aparatos estudiados, e incorpora estratexias orientadas a coidar a saúde propia.

Coñece e explica os efectos beneficiosos da alimentación sa, do exercicio físico, do descanso, da respiración mediante o diafragma...

Comprende informacións e adquire vocabulario sobre a alimentación, a dixestión e os procesos de respiración, circulación e excreción. Expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos sobre o funcionamento do corpo humano.

Aplica operacións matemáticas para resolver problemas sobre cantidades de sangue doados por un determinado número de doadores.

Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.

Mostra unha actitude emprendedora, acepta os errores ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.

Valora positivamente a importancia cultural da gastronomía e a dieta e coida a estética cando realiza traballos.

Nomea procesos da función de relación e identificaos e describe nas accións propias.

Nomea as partes do ollo e describe as funcións que realizan. Explica os percorridos de sinais ata que se produce a sensación de ver.

Nomea as partes do oído, localízaas en imaxes e describe as funcións que realizan. Explica os percorridos de sinais ata que se produce a sensación de oír.

Nomea os órganos dos sentidos do gusto, do olfacto e do tacto; localízaos en imaxes e no propio corpo, e describe os procesos de percepción asociados.

Describe a composición do aparato locomotor e as súas funcións. Coñece as relacións básicas entre o aparato locomotor e o cerebro. Asume e describe pautas que favorecen a función de relación.

Nomea, localiza e identifica en imaxes os ósos e as articulacións más importantes do corpo humano. Describe o funcionamento dos músculos. Nomea, localiza e identifica en imaxes os músculos más importantes do corpo humano.

Coñece algunas formas para o coidado dos órganos dos sentidos e do aparato locomotor e aplícasas. Utiliza medidas de seguridade para evitar lesións nestas partes do corpo.

Coñece e explica a importancia das linguaxes braille e de xordos. Identifica e describe accións no ámbito urbano que facilitan a mobilidade: rebaixes de beirarrúas, sinais luminosos e acústicos, ramplas...

Interpreta e identifica, en imaxes e na realidade, experiencias cos órganos dos sentidos e co aparato locomotor.

Comprende informacións, adquire vocabulario sobre os órganos dos sentidos e o aparato locomotor, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos sobre a función de relación.

Aplica operacións matemáticas para resolver problemas sobre os órganos dos sentidos.

Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.

Mostra unha actitude emprendedora, acepta os errores ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. Utiliza códigos e recursos para expresar con signos palabras de uso cotián.

2º trimestre:

Coñece e describe as principais características dos seres vivos, define célula e clasifica os seres vivos en cinco reinos.

Nomea as substancias que usa a planta para fabricar os seus alimentos, as que produce e as que desbota.

Define e describe as fases nas que se produce a fotosíntese e a respiración das plantas

Describe as repercuśóns da fotosíntese para os seres vivos, para o ser humano e na composición da atmosfera.

Describe comportamentos das plantas ante a humidade, a luz e a gravidade, e cambios que se producen nas plantas asociados á sucesión das estacións.

Define e describe cada unha das fases da reproducción mediante semente. Identifica distintos froitos e sementes, así como as súas partes.

Coñece e describe distintos mecanismos de reproducción asexual de plantas, así como as vantaxes e inconvenientes de ambos os dous modos de reproducción en plantas que producen flores.

Coñece a importancia da auga para o desenvolvemento da vida e describe brevemente o ciclo da auga.

Comprende informacións, adquire vocabulario sobre as plantas, expresa coñecementos e opiniós de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura sobre vexetación.

Aplica operacións matemáticas para resolver problemas de idades de árbores con reconto de aneis de crecemento.

Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.

Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliar, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.

Valora positivamente a importancia cultural do patrimonio natural e coida a estética cando realiza traballos.

Define flora, fauna e adaptación, e identifica órganos e comportamentos que lles permiten aos seres vivos desempeñar as súas funcións vitais nos lugares nos que habitan. Identifica e nomea distintos tipos de ecosistemas e os elementos que os forman.

Define seres produtores, seres consumidores e seres descompoñedores. Identifica e nomea distintos tipos de seres vivos e clasificaos segundo a súa posición nas cadeas tróficas.

Define equilibrio dun ecosistema e describe cambios habituais que non alteran o equilibrio e outros que poden alteralo de xeito irreversible.

Identifica e describe accións humanas nos ecosistemas que os modificaron e alteraron os seus equilibrios, e nomea accións para a conservación e a recuperación de ecosistemas.

Describe as razóns polas que se protexen algúns espazos naturais e sabe as tarefas que se han de realizar para coñecer as características dun espazo natural.

Coñece a existencia de animais e de plantas en perigo de extinción. Comprende e asume a necesidade de protexer os ecosistemas naturais, e nomea e caracteriza algunas formas de protección que se levan a cabo no seu ámbito.

Comprende informacións e adquire vocabulario sobre os ecosistemas, as relacións alimentarias...

Expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura sobre os ecosistemas e a súa conservación.

Aplica operacións matemáticas para calcular o número de seres vivos dos ecosistemas.

Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.

Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliar, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.

Valora positivamente a importancia cultural do patrimonio natural e coida a estética cando realiza traballos e presentacións.

3º trimestre:

Define masa e volume, coñece unidades usuais de masa e de volume, e describe procedementos para coñecer a masa e o volume de sólidos e líquidos.

Identifica e describe propiedades asociadas aos estados da materia.

Adquire unha idea básica de densidade e aplíca-la para determinar a flotabilidade de obxectos na auga.

Identifica, nomea e describe propiedades específicas dos materiais: dureza, elasticidade, flexibilidade, resistencia e transparencia.

Define materia prima, nomea materias primas e coñece as súas procedencias.

Define material elaborado, identifica e nomea materiais elaborados do ámbito, e describe algunas orixes e procesos de obtención destes materiais: vidros, plásticos, metais...

Define forza e describe os efectos que pode producir nos corpos.

Define e caracteriza a forza da gravidade, explica que é o peso dun corpo e coñece as partes dun imán, os efectos sobre outro e sobre os obxectos de ferro.

Describe cambios e fenómenos nos que se manifestan distintas formas de enerxía.

Analiza fenómenos nos que se producen transferencias e transformacións de enerxía, identificando distintas formas.

Identifica e describe características da luz (propagación e rapidez) en experiencias e fenómenos do seu ámbito.

Describe o comportamento da luz nos corpos transparentes, translúcidos e opacos.

Define e caracteriza a reflexión, a refracción e a descomposición da luz, e explica como se produce a cor dos obxectos.

Describe accións para aforrar materiais e enerxía na aula e incorpora pautas orientadas a conseguilo.

Comprende informacións; adquiere vocabulario sobre os materiais, as forzas e a luz; expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosa interese pola lectura de textos sobre os materiais.

Aplica operacións matemáticas para medir a masa e o volume dos corpos, e resolver problemas sobre os residuos orixinados nas actividades domésticas.

Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.

Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliar, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. Recoñece a beleza na natureza e coida a estética á hora de realizar traballos.

Define máquina e identifica a forma e a fonte de enerxía que usan distintas máquinas do ámbito para funcionaren.

Define operador e identifica e nomea operadores frecuentes, describindo a función que desempeñan. Identifica, nomea e describe o funcionamento de rodas, rolos, poleas, planos inclinados e pancas sinxelas.

Identifica máquinas sinxelas e operadores básicos en obxectos e instrumentos de uso común, e describe o xeito en que facilitan ou fan más eficaces as tarefas humanas.

Identifica, nomea e describe as funcións e o funcionamento de eixes, engrenaxes, cadeas e correas. Describe como funcionan os motores térmicos e eléctricos e identifica máquinas do ámbito que os conteñen.

Coñece as fases do proxecto de construción dunha catapulta e participa activa e respectuosamente na execución.

Coñece e valora as consecuencias da utilización de máquinas na realización eficaz das tarefas humanas e na diminución do esforzo das persoas.

Comprende informacións, adquiere vocabulario sobre as máquinas e os operadores, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosa interese pola lectura de textos sobre máquinas e tecnoloxía.

Aplica estratexias matemáticas para deseñar unha catapulta.

Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.

Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliar, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. Constrúe unha sinxela catapulta coidando a estética.

7. ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS.

7.1 Obxectivos:

1. Utilizar diferentes fontes de información para a análise de feitos ou fenómenos e expresar e aprender os contidos de Ciencias Sociais.
2. Desenvolver valores como a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no traballo.
3. Utilizar e ver o traballo en grupo como fonte de crecemento persoal e social fomentando valores de tolerancia e respecto de ideas e opinións, e resolvendo conflitos por si sós.
4. Ter capacidade de creatividade para afrontar os problemas da vida propoñendo solucións emprendedoras.
5. Coñecer os distintos fenómenos e tempo atmosféricos así como a súa representación e aparatos para a súa medición.
6. Adquirir o concepto de litosfera, coñecer os distintos tipos de rochas, a súa composición así como algunas propiedades e usos.
7. Coñecer a hidrosfera e a distribución da auga no Planeta.
8. Discriminar distintos tipos de rochas e minerais atendendo á súa composición, propiedades e usos.
9. Comprender e interpretar os principais conceptos demográficos calculados a partir dos datos de poboación.
10. Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades, recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica.
11. Interiorizar os conceptos e as normas básicas de educación viaria, que lles permitan interactuar nese ámbito de forma responsable.
12. Situar os distintos períodos históricos no tempo atendendo ás características principais de cada un e reflexionando sobre a evolución do ser humano.
13. Valorar o legado histórico como parte fundamental do que hoxe é a nosa cultura.
14. Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais más relevantes da historia de España e de Galicia para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.

7.2 Contidos:

1º trimestre:

- A xeosfera terrestre. Capas da xeosfera e a súa composición

- As rochas da codia terrestre. Situación das rochas na Terra e as súas características.
- Os minerais. Definición e propiedades.
- Extracción e uso de materiais terrestres.
- Os perigos da Terra. Erupcións volcánicas.
- A hidrosfera terrestre: a súa composición e importancia; augas superficiais e subterráneas; a protección da hidrosfera, a súa contaminación.
- A incesante viaxe da auga na Terra: o ciclo da auga.

2º trimestre:

- A atmosfera da Terra: composición e partes da atmosfera; a importancia da atmosfera; protexamos a atmosfera, a súa contaminación.
- O tempo atmosférico e o clima. Elementos do clima: temperatura, presión atmosférica, humidade do aire, vento e precipitacións.
- O cambio climático: Causas e consecuencias.
- A intervención humana no medio.
- As consecuencias das nosas accións cotiás sobre o medio e a súa relación co cambio climático. A protección do medio como forma de protexer o noso futuro. Os factores climáticos: proximidade ao ecuador ou aos polos, influencia do mar, relevo.
- Os mapas meteorolóxicos e os climogramas.
- O estudo da poboación: o padrón e o censo.
- A poboación cambia: a natalidade e a mortalidade, a emigración e a inmigración. A poboación española.
- A composición da poboación: clasificación.
- A poboación en España e en Galicia.

3º trimestre:

- Que é a historia? O paso do tempo, a historia e o tempo histórico, as fontes históricas.
- A Prehistoria na península ibérica.
- A Prehistoria e as súas etapas.
- Datación e características.
- As formas de vida.
- Invencións significativas.
- Manifestacións culturais, artísticas e arquitectónicas da Prehistoria.

- O Paleolítico, o Neolítico e a Idade dos Metais. Depósitos más significativos.
- A Idade Antiga. Características.
- Os pobos prerromanos.
- Os pobos colonizadores.
- Formas de vida.
- Actividades económicas e producións dos seres humanos da Idade Antiga.
- A romanización.
- O legado cultural romano.

7.3 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Bloque 1. Contidos comúns

1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
2. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) para obter información aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais.
3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.
4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborador dentro dun equipo.
5. Valorar o traballo en grupo, mostrando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.
6. Respectar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
7. Participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social creando estratexias para resolver conflitos.
8. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.
9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.
10. Desenvolver actitudes de cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de assumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.

Bloque 2. O mundo que nos rodea

1. Adquirir o concepto de rocha e de mineral, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais, describindo as súas propiedades e como se encontran na natureza. Adquirindo unha idea básica dos seus usos e utilidades.
2. Explicar a hidrosfera, describindo como se distribúe a auga no planeta e identificando as diferentes masas e cursos de auga.
3. Describir tempo atmosférico, coñecer os fenómenos atmosféricos que nos permiten caracterizalo, iniciándose nos rexistros e representacións gráficas do tempo atmosférico.
4. Explicar a diferenza entre clima e tempo atmosférico, analizando a importancia das predicións ante catástrofes meteorolóxicas.
5. Recoñecer os principais fenómenos meteorolóxicos identificando as súas manifestacións más relevantes e identificando as características das estacións do ano.
6. Identificar os aparatos que utilizan os meteorólogos para obter medicións concretas e exactas sobre as condicións atmosféricas, valorando a importancia das predicións do tempo meteorolóxico nas vidas das persoas e nas actividades económicas dalgúns sectores.
7. Interpretar mapas do tempo e coñecer as informacións que se usan para describilo e predicilo.
8. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos e relacionar as capas que a forman con cada unha das súas funcións.
9. Identificar as actividades humanas que orixinan os desequilibrios no medio, adquirindo pautas de consumo e comportamento responsable para reducir o impacto das nosas actividades e utilizando medidas para evitar a deterioración do medio natural.

Bloque 3. Vivir en sociedade

1. Explicar o concepto de poboación identificando os factores da súa evolución e os métodos para estudala.
2. Describir e caracterizar os grupos de poboación en relación coas actividades económicas identificando os sectores nos que se agrupan.
3. Fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos: como peóns, como pasaxeiros, como condutores de bicicletas, recoñecendo os sinais de tráfico e desenvolvendo hábitos de comportamento correcto en relación co tráfico.

Bloque 4. As pegadas do tempo

1. Utilizar as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.
2. Adquirir a idea de idade da historia e datar as cinco idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os seus inicios e os seus finais.
3. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos más relevantes da Prehistoria e da Idade Antiga na península ibérica para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
4. Datar a Prehistoria e coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide: Paleolítico e Neolítico.
5. Datar a Idade Antiga e coñecer as características da vida humana neste período, especialmente durante a civilización romana.
6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e se aprende mostrando unha actitude de respecto polo seu contorno e a súa cultura, apreciando a heranza cultural e entendendo a cultura propia como un elemento de identidade.

Estándares de aprendizaxe:

1º trimestre:

Describe as características da xeosfera.

Identifica as capas da xeosfera: codia, manto e núcleo.

Define o que é unha rocha e identifica a súa localización.

Recoñece os distintos tipos de rocha.

Identifica as principais características das rochas.

Define o que é un mineral.

Recoñece diferentes tipos de minerais.

Identifica as propiedades principais dos minerais.

Define o que é un depósito.

Identifica os distintos tipos de mina.

Recoñece os diferentes usos que se dan aos materiais extraídos do interior da Terra.

Identifica os perigos que poden ocasionar unha erupción volcánica e outros tipos de fenómenos naturais.

Define hidrosfera e identifica e nomea acumulacións e cursos de auga.

Coñece a necesidade de protexer a hidrosfera da contaminación.

Elabora un esquema coas posibles causas da contaminación das augas.

Respecta o medio e coñece e asume pautas para reducir a contaminación.

Identifica as diferentes fases do ciclo da auga.

Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido sobre a paisaxe dos ríos, os seus elementos e as características.

Realiza traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñen a busca, a selección e a organización de textos de carácter xeográfico.

Coñece as características dos ríos de Galicia.

2º trimestre:

Explica a composición básica do aire e identifica os gases que o forman e algunas características de cada un deles.

Coñece como a atmosfera varía coa altura e describe feitos e características das zonas que se aprecian nela.

Coñece a necesidade de protexer a atmosfera da contaminación.

Explica a diferenza entre clima e tempo atmosférico.

Identifica os instrumentos que miden cada un dos elementos climáticos.

Describe e analiza o efecto da acción humana na conservación e transformación do medio natural.

Explica algúns efectos de contaminación sobre os seres vivos e os seus ámbitos, e formula alternativas para previla ou reducila.

Define cambio climático e describe as consecuencias do cambio climático.

Coñece o importante valor da meteoroloxía como instrumento de predición do tempo.

É capaz de interpretar un climograma. Elabora un climograma.

Define clima e nomea os factores que o determinan.

Identifica e comprende como actúan os factores principais do clima.

Elabora un esquema coas posibles causas da contaminación atmosférica.

Respecta o medio ambiente e coñece e asume pautas para reducir a contaminación. Coñece o censo de poboación e o padrón municipal.

Define natalidade e mortalidade, crecimiento natural e crecimiento real. Define e coñece que é a inmigración e a emigración.

Clasifica a poboación en relación co traballo, distinguindo entre poboación activa e poboación non activa.

Coñece como se clasifica a poboación segundo o sexo, o traballo que realiza e o lugar onde vive.

Coñece a evolución da poboación de España, a migración e a poboación laboral.

Coñece o estado da poboación de Galicia.

3º trimestre:

Define historia e explica os conceptos de temporalidade, presente, pasado e futuro.

Define fonte histórica e nomea e identifica diferentes tipos de fontes históricas.

Define Prehistoria e sitúaa no tempo.

Identifica os diferentes períodos da Prehistoria na península ibérica: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais.

Describe as principais características e os feitos fundamentais da Prehistoria na península ibérica, asociados ao tempo e o espazo en que sucederon.

Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria (Paleolítico e Neolítico) e describe as características básicas da vida nestas dúas épocas: vivenda, vestido, ferramentas, traballo, organización social, manifestacións artísticas, crenzas, etc.

Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandaría, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.

Relaciona o desenvolvimento dos transportes durante o Neolítico co desenvolvimento do comercio.

Coñece os diferentes pobos que colonizaron a península ibérica durante a Idade Antiga.

Identifica os iberos e os celtas como pobos prerrománicos propios da península ibérica, así como outras grandes civilizacións da Idade Antiga.

Recoñece os fenicios, os gregos e os cartaxineses como pobos colonizadores do Mediterráneo.

Explica a conquista romana da Península e coñece a organización territorial da Hispania romana.

Data a Idade Antiga e describe as formas de vida naquel tempo, en especial as referidas á civilización romana.

Recoñece os diferentes tipos de vivendas e as construcións más significativas na época dos romanos na Península.

Explica aspectos relacionados coa forma de vida e a organización social da época dos

Describe algunas manifestacións culturais e artísticas das distintas etapas da historia estudiadas, e cita obras representativas.

8.

ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA.

8.1 Obxectivos:

1. Discriminar os elementos distintivos do cartel.
2. Realizar composicións con imaxes.
3. Coñecer diferentes tipos de cine.
4. Realizar operacións con unidades de medida.
5. Utilizar o compás para representar figuras xeométricas.
6. Representar en planos o seu ámbito próximo.
7. Utilizar a escuadra e o cartabón para o debuxo de ángulos.
8. Recoñecer a simetría en figuras dadas.
9. Recoñecer a idea de cor secundaria.
10. Expresar e narrar experiencias artísticas.
11. Valorar a función histórica do retrato.
12. Realizar debuxos con grafito.

8.2 Contidos:

1º trimestre:

- Reprodución do rostro humano en cuadrícula e observando a proporción entre ambos os dous debuxos.
- Busca das posibilidades da cor en contrastes, fondos, variacións e combinacións apreciando os resultados da obra plástica.
- Elaboración dun guión de animación: viñetas, diálogos, textos e formato.
- Experimentación das técnicas mixtas (rotulador e papeis de cores) para a creación dunha paisaxe outonal.
- Análise das características da fotografía: temas, tamaño, cor e formato.
- Elaboración dunha ave usando as ceras brandas, observando as súas características e o seu correcto uso.
- Descripción da obra de Van Eyck tendo en conta o uso da perspectiva, a cor e as formas da súa obra.
- Interpretación da información que proporciona as imaxes no contexto social como son os logotipos.
- Exploración das posibilidades e calidades da tinta chinesa como material da obra plástica.
- Uso do compás para o trazado de círculos, trazado das liñas rectas para a realización dunha composición con formas poligonais.

- Construcción dunha estrutura usando material de refugallo.
- Interese por axustar o proceso de creación individual mediante a elaboración dunha obra tridimensional.
- Selección e uso adecuado dos materiais para a tarefa plástica.
- Utilización das ceras brandas para a creación dunha paisaxe outonal.

2º trimestre:

- Trazado do eixe de simetría en elementos propios do traballo e obras de artesáns.
- Emprego adecuado de termos publicitarios no seu contexto preciso.
- Elaboración dun cartel publicitario despois da observación da obra de Andy Warhol.
- Uso do compás para o trazado de círculos.
- Exploración das cores: saturación, ton e matices; empregando como técnica os lapis de cores.
- Creación dun logotipo para o Día da Paz, empregando a técnica dos rotuladores.
- Busca de información en libros, Internet e medios de comunicación acerca do estilo gótico.
- Descripción da imaxe de estilo gótico usando o vocabulario adecuado.
- Utilización dos lapis de cores para representar as diferentes texturas, posibilidades de cor en contrastes, variacións e combinacións, apreciando o correcto resultado.
- Selección e uso adecuado dos materiais para a creación dun cartel acerca do Carnaval.
- Interese por buscar información acerca do autor M.C. Escher e comentar a súa obra.
- Aplicación, en producións propias, de aspectos observados na obra de M.C. Escher.
- Reprodución do debuxo dunha vivenda con cambio de escala.
- Construcción dunha estrutura.
- Exploración da técnica mixta na obra de M.C. Escher.
- Uso adecuado das témerpas para a elaboración dunha producción propia.

3º trimestre:

- Indagación sobre o pintor Salvador Dalí e a súa obra, observando as características do estilo surrealista.
- Realización de ángulos usando un transportador construído por eles mesmos.
- Exploración das posibilidades da tinta chinesa, apreciando o resultado tanto en rigorosidade como en textura.
- Busca das dimensións da imaxe a partir do descubrimento da técnica do esfumado.
- Uso responsable do compás como ferramenta para o debuxo xeométrico.

- Observación da intencionalidade do uso das cores.
- Elaboración de imaxes usando a mancha cromática con ceras brandas, para crear máquinas.
- Uso apropiado dos materiais para xerar o proceso de creación necesario para a técnica do esfumado.
- Trazado de rectas e segmentos usando a rega como ferramenta necesaria.
- Recoñecemento e respecto polas pirámides como elemento do noso patrimonio cultural.
- Comunicación oral dunha obra teatral, respectando as normas e a repartición das tarefas.
- Construcción dunha estrutura sinxela para representar un floreiro.
- Elaboración dunha momia tridimensional.
- Experimentación da técnica mixta, observando as posibilidades que nos ofrecen os rotuladores e as ceras brandas.

8.3 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe:

Bloque 1. Educación audiovisual.

1. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.
2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas.
3. Identificar determinados artistas e amosar interese por coñecer as formas de expresión das súas obras más representativas.
4. Interpretar o contido das imaxes e das representacións do espazo presentes no contexto, identificando as posicións dos elementos plásticos no espazo.

Bloque 2. Expresión artística.

1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.
2. Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando ferramentas básicas de precisión e utilizando escalas e proporcións.
3. Utilizar e manexar novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.

4. Utilizar recursos bibliográficos, dos medios de comunicación e da internet para obter información que lle sirva para planificar e organizar os procesos creativos, así como para coñecer e intercambiar informacóns con outro alumnado.
5. Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos.

Estándares de aprendizaxe:

1º trimestre:

Utiliza e recoñece a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico para representar o rostro humano.

Identifica a influencia dos fondos de cor.

Consegue xerar diferentes sentimientos usando a cor e o volume a través dun debuxo.

Interpreta e comenta adecuadamente o guión de animación, xerando unha historia coherente.

Interpreta o contido dunha fotografía en branco e negro.

Manexa as ceras brandas e os rotuladores na mesma composición.

Identifica unha obra artística dun autor onde se representa a figura humana. E completa o crebacabezas correspondente.

Coñece o autor Van Eyck e a súa obra.

Realiza un logotipo tendo en conta a cor, tamaño e intención comunicativa.

Manexa a tinta chinesa para representar debuxos utilizando sombreados e liñas.

Crea un cartel sobre educación viaria utilizando sinais de tráfico.

Crea un volume usando material de refugallo.

Realiza unha composición en cartolina con motivo do Nadal.

Utiliza as ceras e diferentes tipos de papeis para crear unha paisaxe outonal observando as texturas e os matices da cor.

Desenvolve hábitos de orde, correcto uso e adecuado mantemento dos materiais e instrumentos utilizados.

2º trimestre:

Utiliza e recoñece o eixe de simetría como un elemento que estrutura o espazo gráfico.

Realiza debuxos de obxectos representativos da artesanía española.

Analiza o estilo e a composición con elementos repetitivos presentes na obra de Andy Warhol.

Realiza un cartel publicitario seguindo o estilo da obra de Andy Warhol.

Realiza debuxos esféricos representando o volume con matices de claroscuro na cor.

Usa intencionadamente a técnica do logotipo para transmitir a mensaxe da Paz.

Interpreta e comenta de forma oral ou escrita o contido das imaxes do estilo gótico tras realizar o crebacabezas correspondente.

Mestura a cor con sentido estético.

Realiza unha obra con lapis de cores integrando os conceptos de profundidade, tonalidade e textura.

Compón un cartel utilizando diferentes técnicas artísticas.

Busca información sobre M.C. Escher e recoñece a peculiaridade das súas obras.

Realiza os trazados na composición estilo M.C. Escher con precisión.

Utiliza a escala nun plano dunha vivenda.

Elabora unha composición en colaxe integrando materiais diversos.

Constrúe unha obra tridimensional.

Identifica a obra de M.C. Escher usando a técnica mixta na súa representación.

Utiliza adecuadamente a técnica das témporas, coidando o material.

Desenvolve hábitos de orde para o correcto uso e adecuado mantemento dos materiais e instrumentos.

3º trimestre:

Recoñece a obra de Salvador Dalí e o estilo surrealista.

Manexa a tinta chinesa para representar debuxos utilizando liñas finas, grosas e sombreados.

Realiza unha obra propia usando as ceras brandas para crear movemento.

Usa a técnica do esfumado para transmitir unha mensaxe.

Traza formas xeométricas con precisión con axuda das ferramentas básicas.

Representa formas artificiais usando a mancha de cor.

Utiliza exclusivamente a mancha de cor para representar obxectos.

Consegue a sensación de volume no debuxo a través dun bo uso dos lapis de cores para representar unha pirámide exipcia.

Representa unha obra teatral cunha expresión verbal e corporal adecuadas.

Desenvolve hábitos de orde, escoita e correcto uso da lingua galega para escenificar unha obra teatral.

Crea unha composición plástica con material reciclable.

Constrúe con precisión obras tridimensionais: un coche e un sarcófago de momia.

Experimenta con diferentes materiais, con creatividade e sen medo.

Organiza ben o traballo e coida o espazo e os materiais.

Valora e respecta o traballo propio e alleo.

9. VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:

9.1 Obxectivos:

1. Elaborar unha imaxe realista dun mesmo atendendo ás características físicas e á personalidade
2. Realizar tarefas que permitan a autoconciencia emocional, a expresión das emocións e o respeito polas motivacións e intereses persoais.
3. Tomar conciencia dos propios sentimientos negativos para canalizar as emocións, superar os problemas e desenvolver un maior autocontrol.
4. Proceder de forma reflexiva antes de actuar sopesando os pros e os contras das súas accións .
Xerar situacíons que promovan a responsabilidade, a iniciativa persoal e accións creativas que posibiliten a consecución dos obxectivos propostos.
6. Valorar os dereitos dos nenos referidos á axuda e á protección destes explicando condutas que aseguren o cumprimento destes dereitos e resaltando a igualdade de dereitos de nenos e nenas en situacíons reais do contexto social.
7. Participar en actos comunicativos diversos que permitan expresar abertamente ideas, sentimentos, intereses e/ou necesidades considerando ás persoas que o rodean sen renunciar aos seus propios dereitos.
8. Coñecer elementos da paralinguaxe, como a dicción, o ton e a actitude corporal, e a súa función dentro da comunicación, e apreciar a relación que hai entre a comunicación verbal e a non verbal durante calquera acto de comunicación.
9. Participar en discusíons que permitan explicar e entender ideas e opinións persoais, escoitando de forma activa antes de responder os demais.
10. Realizar dinámicas de *role-playing* nas que se ofrece a oportunidade de empatizar coas actitudes, os sentimientos e as reaccións dos demais, afrontando diversas respuestas emocionais.
11. Valorar e respectar as diferenzas individuais intentando comprender e tolerar diversas maneiras de actuar ante unha mesma situación.

12. Tomar conciencia da importancia das relacións entre os compañeiros, as aprendizaxes que xe- ran e os vínculos de afecto que se establecen.
13. Participar en actividades mostrando sensibilidade cara aos estados de ánimo e intereses dos demás.
14. Traballar en equipo utilizando o diálogo e estratexias de medición para resolver conflitos, coñecer as persoas e favorecer a interdependencia positiva do grupo.
15. Resolver conflitos que se dan na vida cotiá, expresando as nosas demandas de forma pacífica e assertiva.
16. Identificar e respectar as normas que rexen a convivencia no contexto escolar e local.
17. Entender e apreciar a solidariedade social como medio de axuda e mellora do benestar familiar e escolar.
18. Planificar actividades que promovan o uso adecuado de bens naturais e a conservación do medio.
19. Analizar situacións e normas básicas de mobilidade vial para evidenciar as causas e as consecuencias dos accidentes de tráfico.

9.2. Contidos:

1º trimestre.

- O autocoñecemento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades.
- Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimientos de forma construtiva.
- O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.
- As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción.
- O autocontrol. A regulación dos sentimientos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.
- A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e a ás demás persoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.
- A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, au-

tonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.

- A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos.
- A Responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demás.

2º trimestre:

- As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.
- A comunicación receptiva. A escoita activa. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.
- Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación e recoñecemento de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.
- A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razonables empregando estratexias de comunicación construtivas.
- O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo.
- A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.
- O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimientos positivos ou negativos no alumnado.
- A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.
- As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demás: compartir puntos de vista e sentimientos. As dinámicas de cohesión de grupo.

3º trimestre:

- Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimientos.
- A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación igualitaria.
- As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en

colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimientos.

- Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.
- Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e assumidas polo grupo e pola comunidade.
- A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.
- Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracóns universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.
- Os valores cívicos e o exercicio dos dereitos e deberes nas situacóns de convivencia no contorno inmediato entre iguais.
- Dereitos dos nenos e das nenas. Relacóns entre dereitos e deberes. Recoñecemento do seu carácter universal para todos os homes e as mulleres, sen discriminación.
- Realización e interpretación de gráficos sinxelos.
- As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.
- A repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de coidado do medio e promoción de formas de vida saudables.
- A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.
- Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar conductas e hábitos viarios correctos.

9.3 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Bloque 1. A identidade e dignidade da persoa.

- Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas

nun bo autoconcepto.

- Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.
- Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.
- Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.
- Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimientos negativos ante os problemas.
- Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.
- Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demás.

Bloque 2. A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

-Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.

- Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a lingua xe verbal e non verbal.
- Utilizar habilidades de escucha e o pensamento de perspectiva con empatía.
- Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.
- Empregar a aserción.
- Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.
- Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.
- Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.
- Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.

Bloque 3. A convivencia e os valores sociais.

-Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.

- Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demás e compartindo puntos de vista e sentimientos.
- Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.
- Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.
- Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.
- Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen.
- Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacíons reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.
- Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres.
- Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias.
- Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.

Estándares de aprendizaxe:

1º trimestre:

-Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demás persoas.

-Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacíons.

-Razoa o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demás persoas.

-Actúa de forma respectable e digna.

- Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.
- Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva, de xeito guiado, sobre situacíons da súa realidade.
- Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado.
- Expresa os seus sentimientos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
- Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.
- Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.
- Realiza unha autoavalíación responsable da execución das tarefas.
- Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.
- Emprega estratexias para fazer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.
- Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.
- Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.
- Define e formula claramente problemas de convivencia.
- Sopesa as consecuencias das súas accións.
- Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacíons formais e informais da interacción social.

2º trimestre:

- Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimientos.
- Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.
- Expón respectuosamente os argumentos.
- Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala

-Realiza actividades cooperativas detectando os sentimientos e pensamentos que subxacen no que se está a decir.

-Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.

-Comúnase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.

-Amosa interese polos seus interlocutores.

-Expresa abertamente as propias ideas e opinións.

-Emprega a linguaxe positiva.

-Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.

-Emprega diferentes habilidades sociais.

-Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.

-Respecta e acepta as diferenzas individuais.

-Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas.

-Forma parte activa das dinámicas do grupo.

-Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.

3º trimestre:

-Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.

-Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimientos durante a interacción social na aula.

-Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.

-Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais.

-Respecta as regras durante o traballo en equipo.

- Emprega destrezas de interdependencia positiva.
- Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social
- Participa na elaboración das normas da aula.
- Respecta as normas do centro escolar.
- Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.
- Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións inter persoais.
- Analiza as emocións, sentimientos e posibles pensamentos das partes en conflito.
- Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia.
- Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.
- Razoa as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas.
- Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.
- Razoa a valoración de situacíons reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia.
- Expón mediante traballos de libre creación as conclusíons da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo.
- Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia.
- Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.
- Amosa interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.
- Razoa os motivos da conservación dos bens naturais.
- Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.
- Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.

-Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.

10. METODOLOXIA:

A metodoloxía utilizada ten como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma, a través dos temas traballados na aula, desde unha perspectiva activa e flexible, proporcionando o maior número de experiencias que lles permita desenvolver ao máximo as súas capacidades .

Darase maior importancia á comprensión dos contidos fronte á memorización mecánica, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das intelixencias múltiples dando a posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. Utilizarase unha metodoloxía activa que permita integrar aos alumnos/as na dinámica da aula e no deseño e no desenvolvemento do proceso de ensino - aprendizaxe. Así, tendo en conta as circunstancias que envolven o presente curso, traballarase de xeito cooperativo sempre que sexa posible, atendendo ás instrucións e recomendacións establecidas no Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022, buscando alternativas ás técnicas cooperativas “tradicionais” que se baseen na axuda, no alento e no apoio, debido a que o alumnado traballará en mesas individuais e con separación entre elas.

11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

- O libro de estudiante da editorial Anaya de 4^a E.P.
- A proposta didáctica de 4^a E.P.
- Os recursos fotocopiables da proposta didáctica, actividades de construcción, expansión e avaliación.
- Os cadernos complementarios ao libro do alumno.
- Os libros dixitais para alumnos e profesores.
- Mapas, figuras xeométricas, xogos de mesa.
- O CD que acompaña a proposta de ensino.

- Encerado tradicional ou dixital.
- Folios ou cartolinhas pequenas e grandes.
- Material funxible: lapis de cores, lapis, goma de borrar, tesouras, pegamento, plastilina, ceras brandas, rotuladores, témpora e pince e outros que xurdan.
- Distintos tipos de papeles: papel pinocho, seda charol celofán,pintado, etc.
- Material reciclado: oveiras de cartón, caixa de cartón, rolos de papel hixiénico ou de cociña, papel de aluminio, la, pau, revistas e xornais.
- Aula Virtual do centro educativo.
- Material dixital: vídeos e crebacabezas de obras de arte, actividades interactivas, actividades de técnicas plásticas, vídeos sobre diferentes aspectos relacionados cos contidos a traballar.
- Outro material que puidera xurdir a necesidade de empregar durante o curso.

12. AVALIACIÓN:

12.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Procedementos:

- Análise de tarefas.
- Comprobación de traballos escritos.
- Resolución de exercicios.
- Esforzo e actitude positiva cara a materia.

Instrumentos:

- Probas de control: escritas e orais.
- Caderno de clase.
- Actividades e traballos.

12.2 Criterios de cualificación.

En xeral, na avaliación valorarase a actitude positivamente, ademais das probas de avaliación, os cadernos, as actividades e os traballos. Debido ás circunstancias no actual curso, para avaliar os cadernos estableceranse diferentes instrumentos de rexistro que permitan avalialos na aula, durante o traballo que desenvolva o alumnado, co fin de manipular o menos posible os cadernos polo profesorado.Todos os resultados serán recollidos nunha táboa de observación que serán recuperadas

na avaliación final para calcular a nota media.

≡ Área de **LINGUA GALEGA E LITERATURA, LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS**:

- **Controis: 60%**
- **Traballo diario e actitude: 40%** (nesta “categoría” intégrase o caderno, as actividades da aula, ademais de traballos plantexados, de carácter voluntario ou non, e a actitude cara a materia, repartindo a porcentaxe que corresponde á categoría entre os diferentes aspectos que a componen).

Os controis realizaranse de forma oral e/ou escrita. Así, dependo da unidade, materia e a natureza do control (sobre un aspecto determinado, sobre unha unidade completa, sobre contidos de varias unidades...), farase unha media ponderada de todos os controis realizados durante o trimestre, que poderá variar en cada materia e en cada trimestre.

≡ Área de **PLÁSTICA**:

- ≡ ○ **Láminas: 60%**
- **Traballo diario e actitude: 40%** (nesta categoría intégrase a actitude positiva cara a materia, o coidado de materiais e a capacidade de traballo, repartindo a porcentaxe que corresponde á categoría entre os diferentes aspectos que a componen).

Para avaliar e cualificar as láminas atenderase a que se entenden e adquieren os contidos traballados, que se atenda ás indicacións para a realización de cada unha, a capacidade de adaptación ante suixerencia/recomendacións para mellorar as creacións, a optimización de recursos e materiais, a orde e a creatividade).

≡ Área de **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**:

- **Traballo diario e actitude: 80%.**
- **Actividades e traballos, tanto orais como escritos: 20%.**

Nesta área buscarase unha avaliación baseada na observación directa do alumnado analizando as súas actividades diárias na aula e as reflexións (buscadas desde o traballo realizado na aula) sobre os contidos traballados. Porén a maioría dos contidos serán avaliados de xeito oral, recollendo información a través de diferentes instrumentos de avaliación.

12.3 Avaliación inicial.

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas de curso, constará nunha proba escrita.

Na sesión de avaliação inicial acordaranse as medidas necesarias segundo os resultados.

Ademais do anterior, ao comezar cada unidade e antes de comenzar con cada contido novo, farase unha avaliação inicial, para coñecer o punto de partida do alumnado e así poder adaptar o proceso ao seu nivel.

12.4 Medidas de atención á diversidade.

Antes de enumerar e explicar as diferentes medidas de atención á diversidade, recordar que a presente programación ten un carácter aberto e flexible, podendo ser modificada para dar resposta ás necesidades do alumnado, se fose necesario.

Na aula hai catro alumnos que reciben apoio da mestra de PT e dous deles tamén da mestra de AL. Ademais, na aula, contan co apoio do titor mediante actividades de reforzo, repaso e ampliación, segundo sexa necesario, así como o resto do grupo. Ademais, contamos cun docente dúas sesións semanais que ofrecerá apoio, especialmente, ao alumnado con maiores dificultades.

Ademais do anterior, levarase á práctica calquera das medidas de atención á diversidades ordinarias, establecidas no Decreto 229/2011, no que se regula a atención á diversidade do alumnado, no momento no que se consideren necesarias. E, por último, no caso de as anteriores resultar insuficientes ou infrutuosas, seguiremos o procedemento específico para poder poñer en práctica a medida de atención á diversidade que se estime mellor para o alumnado.

Debido a que se busca un modelo de ensino e aprendizaxe o máis persoal e individual posible, baseado no mundo próximo do alumnado, nas súas inquedanzas e fortalezas, proporcionarase o material que se estime oportuno en cada momento ao alumnado que se considere que o precisa para acadar a consecución dos contidos, criterios de evaluación/estándares de aprendizaxe availables e/ou competencias clave.

Outro dos piares da programación e no que se baseará o proceso de ensino e aprendizaxe é a comunicación e colaboración coas familias, facéndoas axentes activos no proceso de aprendizaxe do alumnado. Así, atenderase ás problemáticas individuais, características familiares e peticións/suxerencias que estas poidan aportar para enriquecer o proceso.

Por último, desde a titoría estarase en contacto e colaborarase co departamento de orientación no proceso de ensino e aprendizaxe durante todo o curso escolar así como co resto do equipo de profesorado que ten docencia co grupo, co fin de coordinar unha atención ao alumando o máis rica, coordinada e frutífera posible.

12.5 Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.

No grupo non hai alumnado con materias pendentes de cursos anteriores. Este curso incorporárase un alumno que repite curso. A dito alumno daráselle unha atención o máis individualizada posible dentro da dinámica das clases reforzando en todo momento os contidos traballados.

12.6 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaluación da realización e desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica proponse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamiento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliação da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada unidade para recoller as melloras nas seguintes.

INDICADORES	SI	NON
As actividades resultaron interesantes?		
As actividades teñen unha dificultade acorde á idade/capacidade e coñecementos previos do alumnado?		
Houbo conexión cos coñecementos previos?		
Existe unha funcionalidade do aprendizaxe para a vida real?		
Aproveitáronse os recursos do entorno?		

Igual que é importante realizar unha auto avaliação da programación e da práctica docente, tamén o é a avaliação por parte do alumnado. Para isto, irase preguntando ao alumnado sobre as actividades

propostas, as explicacións e os exemplos que se van poñendo na aula, seguindo a seguinte táboa:

INDICADORES	SEMPRE	A MAIORÍA DAS VECES	ALGUNHAS VECES	POUCAS VECES OU CASE NUNCA
As actividades feitas son interesantes?				
As actividades realizadas son demasiado difíciles?				
Entendes as explicacións que fai o mestre?				
Abúrrreste na clase?				
Entendes os exemplos que se fan ou explican na clase?				
Cres que os contidos traballados son importantes para o teu día a día?				

12.7 Mecanismos de avaliación e de modificación da programación en función dos resultados académicos.

Ao finalizar cada trimestre proponse unha secuencia de preguntas que me sirvan para avaliar a miña función docente e o funcionamento da programación na aula e establecer estratexias de mellora :

INDICADORES	1	2	3
Adecuación dos obxectivos ás características dos nenos.			
Actividades de reforzo, desenrollo e ampliación.			
Atención a diversidade.			

Elaboración coordinada da programación.			
Participación nas distintas actividades do centro.			
Comunicación cas familias.			

12.8 Mínimos esixibles para a avaliación positiva.

ÁREAS DE LINGUA E LITERATURA GALEGA E CASTELÁ

Primeiro trimestre

- Comprende o sentido global dun texto e responde a cuestiós de comprensión.
- Identifica a sílaba tónica das palabras ,diferenciándoas das átonas.
- Aplica as normas de acentuación das palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- Identifica os nomes e sabe clasificálos.
- Identifica o xénero de nomes dados e forma o feminino de nomes en masculino.
- Identifica o número de nomes dados e forma o plural de nomes en singular.
- Coñece e aplica as regras de uso da coma, do punto e dos dous puntos.
- Utiliza as maiúsculas nos nomes propios ao comezo dun escrito e despois de punto.

Segundo trimestre

- Identifica as principias características dun texto narrativo, así como a súa estrutura.
- Coñece e utiliza con corrección os pronomes persoais.
- Identifica a persoa, o número e o tempo en diferentes formas verbais.
- Identifica e forma palabras derivadas a partir dunha dada.
- Coñece e aplica con corrección os adverbios.
- Coñece, identifica e forma familias de palabras.
- Coñece e identifica as palabras pertencentes a un campo semántico e escribe outras.

Terceiro trimestre

- Redacta un texto con sentido, ordenando os parágrafos e utilizando os conectores precisos.
- Identifica, recoñece e diferencia o suxeito e o predicado.
- Identifica a persoa, o número e o tempo en diferentes formas verbais.
- Identifica castelanismos en textos de diferente natureza.
- Identifica o seseo e a gheada como trazos lingüísticos propios da lingua galega.
- Le un texto narrativo con fluidez.
- Clasifica oracións segundo o seu significado.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

Primer trimestre

- Lee, escribe y cuenta números naturales hasta el millón en textos numéricos de la vida cotidiana.
- Compone y descompone números según el orden de unidades y según el valor de posición de cada una de sus cifras.
- Compara y ordena de mayor a menor y viceversa números de hasta siete cifras.
- Aplica la suma y la resta en la resolución de problemas.
- Realiza multiplicaciones de números de varias cifras por números de dos cifras llevando.
- Realiza divisiones de números de varias cifras en el dividendo entre números de 2 cifras en el divisor y con ceros en el cociente, de ser el caso.
- Resuelve satisfactoriamente problemas relacionados con la vida cotidiana en los que sea necesaria para su resolución las operaciones vistas.

Segundo trimestre

- Lee y escribe fracciones.
- Realiza sumas y restas de fracciones de igual denominador.
- Lee la hora de un reloj analógico y uno digital diferenciando el formato de doce horas y el formato de veinticuatro.
- Dibuja en una esfera de reloj vacía, la hora que se le indica.
- Conoce las monedas y los billetes de curso legal y su valor, reconociendo el euro como moneda oficial de España y de la zona euro de Europa.
- Reconoce las unidades de longitud, capacidad y peso.

Tercer trimestre

- Identifica, diferencia y nombra rectas, semirrectas y segmentos.
- Identifica, construye y nombra los ángulos en función de su abertura y posición.
- Identifica los elementos de un polígono,
- Identifica los elementos de la circunferencia y el círculo.
- Reconoce y nombra los elementos básicos de los cuerpos geométricos: caras, aristas, vértices.
- Construye tablas de frecuencia para la recogida de datos.

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

Primeiro trimestre

- Nomea tres grupos de alimentos e identifica e clasifica alimentos frecuentes.
- Identifica e localiza e nomea os órganos do aparato digestivo e describe algunas das tarefas que realizan.
- Identifica, localiza e nomea os órganos do aparato respiratorio e describe as tarefas que realiza no proceso da respiración.
- Nomea os órganos que forman o aparato circulatorio, coñece a estrutura básica do corazón e describe o latexo cardíaco.
- Identifica, localiza e nomea os órganos do aparato excretor e describe as súas funcións.
- Nomea os órganos dos sentidos e describe as funcións que realizan.
- Describe a función do aparato locomotor e o funcionamento dos músculos.

Segundo trimestre

- Coñece e describe as principias características dos seres vivos, define célula e clasifica os seres vivos en cinco reinos.
- Define e describe as fases nas que se produce a fotosíntese e a respiración das plantas.
- Coñece a importancia da auga para o desenvolvimento da vida e describe brevemente o ciclo da auga.
- Identifica e nomea distintos tipos de ecosistemas e os elementos que o forman.

Terceiro trimestre

- Identifica, nomea e describe propiedades específicas dos materiais: dureza, elasticidade... -Define materia prima e elaborada.
- Describe o comportamento da luz nos corpos transparentes, translúcidos e opacos.
- Identifica, nomea e describe o funcionamento de rodas, planos inclinados e pancas sinxelas.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Primeiro trimestre

- Identifica as capas da exosfera: codia, manto e núcleo.
- Define o que é unha rocha.
- Define o que é un mineral.
- Define hidrosfera e identifica e nomea acumulacións e cursos de auga.

Segundo trimestre

- Explica a composición básica do aire e identifica os gases que o forman e algunas características de cada un deles.
- Identifica os instrumentos que miden cada un dos elementos climáticos.
- Coñece o censo de poboación e o padrón municipal.
- Define natalidade e mortalidade crecemento natural e real.
- Define e coñece que é a inmigración e a emigración.

Terceiro trimestre

- Define historia e explica o concepto de temporalidade, presente, pasado futuro.
- Identifica os diferentes períodos da Prehistoria na península ibérica: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais.
- Explica e valora a importancia do descubrimento da escritura, agricultura e a gandería.
- Explica a conquista romana da Península e a súa organización territorial.

ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA

Primeiro trimestre

- Manexa as ceras e os rotuladores na mesma composición.
- Trazas formas xeométricas con precisión con axuda de ferramentas básicas.
- Desenvolve hábitos de orde, correcto uso e adecuado mantemento dos materiais e instrumentos utilizados.

Segundo trimestre

- Mestura a cor con sentido estético.
- Compón un cartel utilizando diferentes técnicas artísticas.
- Utiliza adecuadamente as técnicas de témporas, coidando o material.

Terceiro trimestre

- Realiza unha obra propia utilizando as ceras brandas para crear movemento.
- Crea unha composición plástica con material reciclable.
- Organiza ben o traballo e coida o espazo e os materiais.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

Primeiro trimestre

- Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacíons.
- Actúa de forma respectable e digna.
- Emprega estratexias para fazer fronte á incerteza, ao medo e ao fracaso.

Segundo trimestre

- Expón respectuosamente os seus argumentos.
- Emprega a linguaxe positiva.
- Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas.

Terceiro trimestre

- Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
- Respecta as regras durante o traballo en equipo.
- Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.

13. PROXECTOS:

13.1. Proxecto lector.

Obxectivos:

- Transmitir aos alumnos/as que a lectura supón, momentos de tranquilidade e divertimento.
- Dar a coñecer e aprender textos de tradición oral: ditos, trabalinguas, etc.
- Coñecer autores e que os seus nomes se vaian facendo familiares así como as súas obras más salientables.
- Dar a coñecer as obras más relevantes da literatura española e especialmente da literatura galega.
- Coñecer distintos xéneros literarios: cómic, conto, poesía, etc.
- Ampliar vocabulario.
- Coñecer, por medio da lectura, outras culturas e maneiras de vivir.
- Ampliar os coñecementos das distintas áreas.

Metodoloxía.

No curso de 4º de Primaria, traballamos esta disciplina en todas as áreas a través das lecturas que introducen as unidades e paralelamente, a comprensión lectora. Na “hora de ler”, á que lle adicamos 20 minutos diarios, o alumnado fará lecturas diferentes atendendo aos seus gustos e aos obxectivos planificados neste plan.

Ademais, baixaremos á biblioteca e o alumnado collerá un título que lerá na aula e na casa, de así o querer o alumno ou a alumna, seguindo as instrucións do protocolo da biblioteca.

Neste curso faremos uso da biblioteca da aula, pero o alumnado poderá traer á aula títulos pertencentes á súa biblioteca persoal, que lerá e explicará ao resto da aula, presentando a obra en base aos aspectos dela que máis lle gustan.

Actividades a realizar na “hora de ler”:

- Lectura silenciosa e individual.
- Lectura compartida.
- Realización de marcapáxinas para marcar onde quedan e poder seguir ao día seguinte.
- Lectura en alto dalgún conto ou fragmento por parte dun alumno ou alumna ao resto da clase.
- Memorización de poesías que despois recitarán noutros cursos.
- Información sobre palabras descoñecidas que aparecen nos textos.
- Recomendacións, entre eles, dos libros que máis lles gustan.

13.2. Integración das TICs:

Utilización da pizarra dixital na aula para actividades coas áreas, atendendo ás medidas establecidas no protocolo Covid do centro e da Consellería. Visita á aula de Informática para familiarizar ao alumnado coas novas tecnoloxías e realizar actividades para ampliar os seus coñecementos.

Tamén se empregará a aula de informática en determinadas sesións para realizar actividades de xeito dixital, ben a través da Aula Virtual, ben buscas na internet, tarefas no procesador de texto... Sempre seguindo as normas establecidas no Protocolo Covid do centro.

Ademais, farase uso da Aula Virtual do centro, plantexando nela diferentes actividades, segundo o devir da actividade lectiva nolo permita e requira. Durante as primeiras semanas de curso, explicaráselle ao alumnado o seu uso, co fin de que coñeza o seu funcionamento e poida desenvolverse de xeito autónomo nela.

13.3 Dinamización Lingüística.

O grupo de 4º de primaria participará nas distintas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega ao longo do curso: Día de Rosalía, Semana da prensa, Letras Galegas, Semana do Teatro, etc. Ademais, participará naqueloutras que se estimen oportunas co fin de dinamizar, dar visibilidade e dignificar á nosa lingua.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Durante este curso participaremos nas celebracións de festas que se organicen desde o centro, se a situación sanitaria o permite, e as programadas polo equipo de actividades complementarias e extraescolares en colaboración co equipo da biblioteca e co de dinamización da Lingua Galega que consideremos oportunas e/ou axeitadas.

Ademais, se a situación sanitaria o permite, realizaremos polo menos unha saída trimestral: pode ser a algún museo científico, algunha actividade lúdica ou actividades propostas polo Concello.

15. METODOLOXÍA EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL.

Debido ás circunstancias do presente curso e, atendendo ao Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos centro educativos para o curso 2021/2022, establecerase a metodoloxía a seguir no caso de ter que recorrer ao ensino non presencial.

- Empregarase a Aula Virtual para transmitir as tarefas e información que o alumnado teña que realizar.
- Empregaremos o correo electrónico como canle de comunicación coas familias e, no caso de non ter acceso á Aula Virtual, como canle de transmisión das actividades.
- Empregaremos a aplicación Webex para realizar titorías co alumnado e clases de xeito periódico. Neste caso, a periodicidade estableceríase despois de titoría individual con cada familia, co fin de compatibilizar a vida familiar coa escolar.
- No caso daquel alumnado que non teña acceso á internet, ben por falta de conexión, ben por falta de hardware e/ou software, traballarase coa dirección do centro e co persoal do concello, para buscar unha solución, tal e como se fixo no curso anterior. De todos os xeitos, desde o principio de curso, tentaremos anticiparnos e comunicarnos cos servizos sociais do concello para dar solución a esas posibles situacións que causarían prexuízo no alumnado no caso ensino non presencial.
- En canto á avaliación, basearíase na análise das tarefas que o alumnado realice, na Aula Virtual, ou en formato escrito. Buscaríase a consecución do grao mínimo dos estándares de aprendizaxe establecido na presente programación e na adquisición das competencias básicas. Teranse en conta as particularidades de cada alumno/a, co fin de ser xustos e que a falta de equipamento ou a conciliación familiar non ocasione prexuízo ao alumnado.